

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 8

SESION ORDINARIA (xuño) DO 4 DE XULLO DE 2016

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Pardo Espiñeira, Francisco Javier (concelleiro grupo municipal Socialista)
Silva Rego, M^a Carmen (concelleira grupo municipal Socialista)
González Sánchez, Elena (concelleira grupo municipal Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día catro de xullo do ano dous mil dezaseis, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride

Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e Rodríguez Escudero, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, señores/as concelleiras, iniciamos o Pleno, sesión ordinaria convocado para o día de hoxe ás nove horas, orde do día que obra en poder das señoras/es concelleiros, abrimos sesión pública, constatamos quórum e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(101).- ACTAS ANTERIORES . (ACTA ORDINARIA 25 DE ABRIL DE 2016)

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 25 de abril de 2016.

.- (102) INTERVENCIÓN DE DONA REGINA IBAÑEZ PAZ, EN REPRESENTACIÓN DA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ANPAS (FOAMPAS), PARA EXPOÑER A SITUACIÓN ACTUAL DA MATRICULACIÓN NOS IES DERIVADA DA OBSOLETA ZONIFICACIÓN NA NOSA CIDADE. REXISTRO PLENO 1390/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 6 de xuño de 2016,

número 1390/1101, a Federación Olívica de ANPAS (FOAMPAS), presenta escrito solicitando a intervención no Pleno de D^a Regina Ibañez Paz, para expoñer a situación actual da matriculación nos IES.

PRESIDENCIA: Que tome asento dona Regina Ibañez Paz, como representante de FOANPAS.

SRA. IBAÑEZ PAZ: Hoxe diríxome a vostedes representando a moitas familias; a un número cada vez máis numeroso e a unhas familias cada vez máis indignadas, familias representadas por ANPAs, ANPAs unidas pola súa Federación.

Resumo moi brevemente a crónica da nosa indignación, para que poidan comprender o porqué da nosa intervención hoxe aquí, neste pleno.

Foi decisión das autoridades en materia de educación, hai xa algúns anos, eliminar o Ensino Secundario Obrigatorio nun dos centros nos que se impartía. Tomaron esta decisión nunha zona escolar desta cidade en expansión demográfica e tomárona coñecendo que o resto dos centros de Secundaria da zona estaban xa coas súas aulas repletas de alumnado. Cunha decisión semellante, sen ofrecer máis alternativa de oferta de ensino público... non é evidente, aos ollos de calquera, o que vai acontecer?

Tomada esta decisión, trasladan en primeiro lugar toda a escolarización do centro pechado a un dos centros de secundaria da zona. Esperan a que este centro se masifique ata estoupar e, despois deste feito, deciden modificar a adscrición, volvendo a repartir a mesma demanda crecente entre os catro centros que xa non daban no momento inicial cabida suficiente. Así trasladan o problema de novo, a un novo centro. Era evidente que este centro se masificaría ata estoupar tamén, pero esa evidencia tampouco foi tal para a Administración.

Aquí comeza o plante das familias, que se posicionan para facer unha dobre petición. Por unha banda, para cursos vindeiros, estudo que leve á revisión e modificación da adscrición (única solución posible ao problema de escolarización existente). Por outra banda, para o proceso de admisión neste curso, baremación (tal e como recolle a normativa vixente), dado que a demanda de postos escolares supera a oferta (evidencia matemática que ano tras ano segue sen ser tal para a Administración).

Ter que pedir a baremación entre os adscritos, desde as propias familias, é moi difícil, porque todos os nenos e nenas terían que ter a súa praza garantida no seu centro de adscrición. A baremación entre os adscritos é, sen dúbida, unha consecuencia dun traballo mal feito. Un traballo mal feito que ninguén corrixe; un traballo mal feito que se deixa perdure ao longo do tempo. E que soamente é evidente para nós?

Neste mes de marzo, as Autoridades Educativas comprometéronse verbalmente a modificar a adscrición nun futuro e autorizaron a baremación entre os adscritos. Pero, días despois, prodúcese un cambio na decisión, orientado a permitir que os solicitantes de un dos centros adscritos (concretamente o CEIP Castelao, sito en Navia) trasladen a súa solicitude, xa fóra de prazo, a un dos centros limítrofes (concretamente ao IES Valadares). E acompañando este cambio de parecer, cométense ao noso entender varias irregularidades entre as que destacamos hoxe, aquí, soamente unha:

Comprométese a adscrición futura, anunciando, publicamente, ás familias de Navia, que o seu Centro estará adscrito ao de Valadares o próximo curso. Sabemos que a Xefatura Territorial ten potestade para decidir sobre esta cuestión, pero tal e como establece a normativa vixente, ten que facelo “... *oídos os consellos escolares municipais e a xunta provincial de directoras/é, e tras informe da inspección educativa...*”.

Esta nova é, por tanto, para nós, repentina, arbitraria, irregular e pouco razoable (a distancia entre eses dous centros é de mais de 10 quilómetros), e da un xiro inesperado á nosa reflexión. Propuxémonos entón analizar a situación dos centros e da adscrición actual, tentando entender os posibles motivos dunha decisión semellante. Froito dese análise, reflectido nun mapa, chaman a nosa atención dous feitos:

En primeiro lugar, non parece que o criterio que subxace tras a adscrición sexa, nalgúns casos, a maior proximidade posible. Como se explica que nenos e nenas asistan a un centro de secundaria que está tres veces máis lonxe que outro no que tamén terían praza?

En segundo lugar, na zona á que nos referimos, na que a oferta de postos escolares públicos non cobre a demanda, dous centros de secundaria poderían albergar máis liñas educativas das que ofrecen se repartisen o seu espazo de xeito distinto. Como se explica que nenos e nenas teñan que desprazarse máis de 10 quilómetros e non se abran esas liñas da ESO que se poderían ofertar?, por que se abren nestes centros máis liñas de bacharelato que de Educación Secundaria Obrigatoria?

A resposta a estes interrogantes chega de mans da Administración Educativa e multiplica a nosa indignación. Desde a Xefatura Territorial, deixáronsenos claras as seguintes cuestións:

En primeiro lugar, que o transporte é intocable. Evidentemente, hai que respectar a legalidade e os contratos de transporte establecidos, tal e como se nos indicou pero..., hai que manter un contrato que xa non é adecuado a perpetuidade?, poden as empresas de transporte marcar os horarios e a organización dos centros públicos? En definitiva, as liñas contrátanse ao servizo das necesidades reais de transporte ou é ao revés?

En segundo lugar, se nos aclara que as familias teñen dereito a elixir o centro no que estudan os seus fillos e fillas e que debe defenderse tamén a calidade no ensino. Esta é a razón que explica, segundo as nosas

autoridades, que nunha zona escolar na que a oferta de postos escolares da ESO é insuficiente para atender á demanda, existan dous centros que non abren as liñas da ESO que poderían albergar e atender porque reservan o seu espazo e as súas aulas para atender as necesidades de bacharelato de todo o alumnado que provén do ensino concertado. É dicir, hipotecan e blindan o seu espazo para as necesidades futuras do ensino concertado. Así se nos traslada o argumento: “os pobres que optan por centros concertados, con todo o seu dereito, logo non terán diñeiro suficiente para pagar o bacharelato nos mesmos centros. Por iso hai que reservarlles unha praza de bacharelato o máis preto posible”.

A idea está clara. Pero, para conseguir isto, os que optan por centros públicos han de trasladarse da súa zona xa no ensino obrigatorio, sen esperar ao bacharelato. Xa non terán na ESO praza o mais preto posible. Parece que a procura dos dereitos e a calidade non é a mesma, neste caso, se falamos dos que optan polo ensino público. Esta prioridade implica, aínda por riba, un custo maior á Administración, posto que ten que sufragar o transporte de todo o alumnado na ESO, non así no bacharelato.

Resulta increíble ter que solicitar ás institucións públicas que non ataquen o público. É vergoñento decatarse de que isto acontece.

A revisión da adscrición é o noso obxectivo. Pedimos que se analicen os datos (capacidade dos Centros, poboación e transporte) e que, en función deles, se adscriba cun único criterio: a maior proximidade posible ao lugar de procedencia. Sinalamos tamén que a adscrición debe ter certa vocación de permanencia, tendo en conta os trastornos que carrega a unha familia que os seus fillos non asistan a clase no mesmo centro (situación da que xa somos testemuñas nos últimos anos).

Chegados a este punto da nosa intervención, este Pleno Municipal entenderá que facemos hoxe aquí: dirixímonos ao órgano de máxima representación política da cidadanía e pedímoslle que, como tal, encabece a nosa petición e inste as Autoridades en materia de Educación a revisar e modificar a adscrición nesta cidade. Pedímoslle a este Pleno que se asegure de que esa revisión teña lugar antes do próximo proceso de admisión de alumnado. Pedímoslle a este Pleno que se preocupe de que esa modificación sexa froito dun estudo, no que non se antepoñan os intereses das empresas de transporte por riba dos intereses das familias e no que non se antepoñan os intereses do ensino concertado por riba dos do ensino público. E agradecemos moito a ocasión que nos teñen brindado para facer esta petición. Moitas grazas!.

PRESIDENCIA: Moitas grazas dona Regina Ibañez.

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Agradecer a intervención de FOAMPAS, agradecer tamén que

sexa precisamente agora cando moitos pais, eu son pai primerizo, que temos este ano que elixir escola para os nosos fillos, creo que é a primeira vez, polo menos os pais que nos atopamos nesta situación, que descubrimos o que está a pasar precisamente coa arquitectura e co escenario educativo desta cidade. Nós estamos moi preocupados, primeiro como pais porque nalgunhas zonas desta cidade practicamente a oferta pública é minoritaria con respecto á oferta concertada ou á oferta xa directamente privada, falo por exemplo no meu caso da zona que inclúe o colexio Pombal, practicamente hai dous ou case tres colexios públicos, o resto son colexios concertados que deberían dende logo, estar fora para nós da oferta pública, debería estar cuberta a oferta pública e a oferta concertada ser en todo caso unha opción alternativa á opción pública. En segundo lugar, porque coñecemos tamén preocupacións, esta cidade cambia, non é unha cidade estática e recentemente os veciños de Navia nos ensinaban a pirámide poboacional de Navia, o que significa que 3.000 mozos e rapaces menores de 11 anos, vanse incorporar en períodos de tempo moi pequenos ao sistema educativo e os propios profesores dos colexios, neste caso dos CEIPs e dos colexios e dos institutos que están cerca nos están a dicir que xa se lle están dando alternativas por exemplo, que xa empeza o “run run” dentro dalgún dos institutos de Coia, da posibilidade de habilitar barracóns para poder ir absorbendo esa cantidade, máis de 1.000 nenos que posiblemente se incorporen ao ensino secundario neste período, significa a opción valenciana, é dicir, que xa na Xunta se está proponendo a opción de que nalgún centro educativo desta cidade ante o aluvián que pode significar o barrio, por exemplo quizais de España xunto co barrio Novo Mesoiro, con máis poboación nova de aluvián dos últimos anos, pois que a opción que propón a Xunta de Galicia sexa habilitar barracóns como así algún alto cargo da Xunta de Galicia e a Consellería de Educación lle transmitiu neste caso aos profesores que en todo caso cando cheguen eses rapaces se non temos unha opción educativa pois habilitaremos barracóns como se fixo nalgún momento no goberno valenciano con eses tristes resultados.

Polo tanto, nós pedimos que haxa esa rezonificación, ese cambio de cultura de facer as cuestións que teñen que ver co sistema educativo, que teñen que ver coa situación socio económica e como moi ben diciades, que ten que ver co transporte, que se fagan de maneira separada e dende logo isto ten que integrarse e que

teñamos alternativas públicas 100%, que non contemos coa concertada como unha opción de elección dos pais, que teñamos pechado o ciclo do público e a partir de aí falemos doutras opcións educativas que para nós son secundarias, e sobre todo nos parece moi interesante a proposta de integrar o transporte obviamente á rede de transporte colectivo dentro desta opción.

Todo o noso apoio nesta proposta, que haxa xa unha decisión porque non é algo novo, entendemos que é algo que leva moito tempo nesta cidade pedíndose e que haxa unha reconsideración das zonas, non sabemos se teñen que ter a mesma adscrición distrital que poder ter o futuro desenvolvemento distrital de Vigo, pero dende logo, as zonas actuais non serven polo menos para os pais e moito menos para os alumnos, así que grazas.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A min gustaríame en primeiro lugar dar algúns datos da situación de Vigo porque a verdade non é nada sinxelo toda esta reubicación e recolocación posto que neste curso hai 300 prazas sen cubrir de bacharelato, 1.500 de ESO e case 2.000 de primaria, que é un verdadeiro drama, e si é verdade que se concentra a maior parte da poboación de primaria e infantil na zona de Navia pero si é verdade que hai centros tamén en Beade e en Valadares como vostede di que están baleiros, entón a reubicación e utilización do transporte escolar que serían oito minutos de transporte pois é un dato que a inspección educativa tamén ten que ter en conta porque neste sentido é moi complicado.

Se é verdade que se está a traballar na reubicación e na orientación, hai dous anos que a conselleira de Educación propuxo tamén unha alternativa a eses centros, que vostede di que explotan e que están cheos, hai que ver como está a realidade, como están as zonas, como están as escolas e os colexios, por exemplo, esta ampliación do Castelao pendente aínda de facer, se está a traballar na realidade actual de Vigo para que os centros estean adaptados un pouco a como está a situación das familias actualmente. De todas formas non é só un contrato co transporte escolar o que está a limitar, o que está a condicionar as zonas, se é verdade que hai que ter en conta os factores do transporte escolar, os factores de comedor, os das zonas periféricas, insisto, é un drama que non haxa nenos en zonas onde hai centros que están perfectamente adaptados e que poderían e poden estudar alí os nenos vigueses porque a cidade en ampla, é grande e

podería acoller tamén esta realidade e se é verdade que este ano, segundo coñecemos da consellería de Educación e vostedes tamén saben, vaise reorientar algunhas zonas debido a baixa natalidade, insisto e debido a outras de poboación infantil que están cheas como dicía o compañeiro o Sr. Pérez Correa, como a zona de Navia. Nós insistimos en que ese colexio tamén se vai ampliar, en que Educación traballará sempre nestas liñas e que nunca nin abandonou nin ten de lado, nin está condicionado por outras cousas que non sexan adaptar á realidade actual e a educación e como esta a realidade demográfica infantil, o futuro infantil en educación en Vigo á realidade, a oferta pública segue cumprindo as expectativas, non hai barracóns, non hai colexios que explotan, é dicir, son termos aquí que a verdade non temos porque escoitar porque cremos que en Vigo a oferta educativa e os nenos dende infantil ata o último curso é de bacharelato, están ben atendidos. Se é verdade que hai un desprazamento quizás de oito ou sete minutos porque non hai posibilidade de ter o colexio moi preto da casa pero se está a traballar en que no futuro iso poida ser posible e se poida solucionar.

SRA. ALONSO SUÁREZ: A verdade o que me deixa perplexa é escoitar ao Partido Popular que di que se está a traballar, que se está a mirar a realidade da nosa cidade, esta situación que nos están a detallar é un despropósito dende os seus inicios, e os inicios comezan non ano 2012 cando se eliminan catro aulas da ESO do CEIP Celso Emilio Ferreiro, en contra de toda a comunidade educativa e alegando falla de espacio, que naquel momento o Alcalde o Sr. Abel Caballero ofrécelle realizar á comunidade educativa facer as obras demandadas por eles, arranxando a casa do conserxe para liberar un espacio de biblioteca e así deixar o espazo no centro, é a Xunta de Galicia rexeitou esa alternativa e con todo iso o que conseguiu foi trasladar esas aulas ao IES Álvaro Cunqueiro, no 2013, pero resulta que chega un momento, e lémbrolle que alegan falla de espacio, pero chegamos ao ano 2014 e a Xefatura Territorial fai unha proposta de modificación de adscrición de determinados centros públicos onde di na mesma proposta, “o IES Álvaro Cunqueiro non pode absorber todo o alumnado destes centros educativos sen crear novas unidades funcionais como xa aconteceu este curso académico 14-15 onde houbo que habilitar unha nova aula para primeiro da ESO, non sendo posible habilitar novos espazos, é dicir, dende o ano 2012 en que empezou, no

2013 que se trasladou, non 2014 xa nos damos conta de que non existen espazos e resulta que a solución, e trasladar ese alumnado ao Alexandre Bóveda, cando o Xefe Territorial fai a proposta e que como nos dicía a poñente, o que di é que esa proposta ten que ser oída o Consello Escolar Municipal da cidade, a Asociación de Directores e as inspeccións educativas, e a Xefatura Territorial non oíu a ninguén, porque dende o Consello Escolar Municipal se dixo que iso o único que ía facer era trasladar o problema do Álvaro Cunqueiro ao Alexandre Bóveda, e se dixo claramente que simplemente ía ser trasladar ese problema, agora está o problema aí enriba, está o problema aí enriba e todo isto dun ano para outro. A min chámame a atención cando se di que se está a estudar e que se está a mirar a realidade da cidade, a ver eu lémbrolles que este despropósito corresponde a unha etapa de educación obrigatoria, é obrigatoria, a ESO de 12 a 16 anos é obrigatoria, e a administración educativa ten que proporcionar os medios para que os nenos e nenas estean escolarizados, pero tamén unha cousa que todo isto teña que coñecerse gracias ao esforzo, adicación, ao traballo dun grupo de pais e nais, simplemente preocupados pola calidade de educación dos seus fillos, é moi preocupante, e eu aquí hoxe quero recoñecer a estas nais e pais que sempre seguiron os canles regulamentarios, sempre, que en todo momento acudiron ás autoridades competentes, e o único que están aquí hoxe é porque non se lles fixo caso ningún.

Entón, eu creo que a calidade de Educación Pública debería ser a primeira preocupación da administración competente en materia educativa que é a Xunta de Galicia, pero cando isto non é así, temos que esperar que despois de que incluso as comunidades educativas, porque a dirección do Alexandre Bóveda non seu momento dixo que ía suceder isto, as direccións doutros centros dixeron que ía suceder iso, pero a ninguén se lle fixo caso e hoxe estamos aquí, e claro preocúpame que digan que se está a mirar a realidade, cando a realidade é esa que hai familias que ao mellor poden ter escolarizados aos seus fillos en institutos totalmente distintos, por que? Porque non houbo unha previsión e non estamos a falar dunha previsión a longo prazo, estamos a falar dunha previsión en tres cursos académicos, de cambiar os nenos dun instituto a outro e despois ao ano seguinte dicirlle que non teñen prazas cando a administración ten que asegurar que eses nenos teñan esas prazas na educación obrigatoria. Gracias pola intervención e

aquí estaremos aquí para botar unha man.

PRESIDENCIA: Rematado o debate e as intervencións, á súa proposta dona Regina Ibañez no nome de FOAMPA, facéndome eco do sentir maioritario deste Pleno nos poñeremos en contacto coa Consellería de Educación para reclamar que se resolva este problema que vostede acaba de narrar neste Pleno.

A Alcaldía-Presidencia dá as gracias pola súa intervención á señora dona Regina Ibañez Paz.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non houbo.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1(103).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓN AO FOMENTO DO FÚTBOL BASE DA FUNDACIÓN CELTA DE VIGO. EXPTE. 15139/333 (REXISTRO PLENO 1393/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xuño de 2016, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, formula o seguinte informe proposta:

“Servizo xestor do expediente: Turismo e Deportes

Emprego dos recursos: Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Fundación Celta de Vigo

Contía: 145.000,00 euros.

Órgano competente: Pleno da Corporación, previo acordo Xunta Goberno Local e Comisión Informativa.

Antecedentes

Memoria xustificativa de suplementar a dotación orzamentaria prevista nominativamente no orzamento aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 9 de decembro de 2015.

Resolución do Sr. Alcalde Presidente da Corporación incoando o expediente de modificación orzamentaria.

Solicitude da Concellalía de Deportes de tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para a finalidade prevista.

Normativa Aplicable

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).

Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 8 de xuño de 2016, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (32/2016), que está conformado da seguinte documentación: Memoria xustificativa dos servizos que ceden o crédito e do que vai facer a súa aplicación, ponde de relieve a importancia da canteira no proxecto da Fundación, que ven desenvolvendo dende a súa constitución como Fundación no ano 1996. O proxecto de fútbol de base engloba seis categorías.

Orzamento do programa a desenvolver do deporte base.

Solicitude de tramitación da da preceptiva modificación orzamentaria.

En relación coa xustificación da tramitación do expediente, a mesma queda acreditada na memoria xustificativa de inicio do expediente. Faise constar a dispoñibilidade dos créditos e o seu consentimento para un emprego alternativo

que o inicialmente previsto.

O orzamento vixente na aplicación orzamentaria 3410.4890016 ten unha dotación de 125.000,00 euros, resulta insuficiente para facer fronte ao proxecto.

A vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formulase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte...”

Deseguido o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 21 de xuño, o interventor xeral do Concello informa do que segue:

“Incoado por Resolución da Alcaldía de data 20 de xuño do ano en curso e proposta do Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda, tivo entrada con data 21/06/2016 nesta Intervención Xeral o expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 32/2016. A modificación orzamentaria financiarase con cargo á baixa doutra aplicación orzamentaria.

Presentada a proposta de modificación acompañada da Memoria xustificativa que conforma un documento independente da Resolución de incoación, o funcionario que subscribe, en cumprimento do previsto polo artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, artigo 37.3 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril e artigo 4.1.g) do Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

I.- Lexislación aplicable.

- ✓ Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).
- ✓ Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP).
- ✓ Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional.
- ✓ Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).
- ✓ Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- ✓ Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, RXLEP.
- ✓ Ley 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano

2016.

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- ✓ Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- ✓ Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.
- ✓ Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008.
- ✓ ORDE HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.
- ✓ Bases de Execución do Orzamento.

Remítese a esta intervención xeral o expediente de referencia para a súa fiscalización. Vista a Resolución de incoación do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 177.2 do TRLRFL, esta intervención informa:

O expediente de modificación orzamentaria que se tramita, contén un suplemento de crédito por un importe de 145.000,00 euros. Os suplementos de crédito son aquelas modificacións do Orzamento de Gastos pola que se asigna un crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio posterior, sendo o crédito vixente é insuficiente para facer fronte ao gasto que se propón.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulamentada nos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL) e artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP), así como na Base 8ª das de Execución do Orzamento vixente.

O recurso para financiar a modificación orzamentaria por importe de 145.000,00 euros regúlase no artigo 177 de devandito corpo legal e artigo 36 do mencionado Real Decreto 500/1990.

II.- Descrición da modificación de crédito proposta.

A normativa que se vén citando, esixe unha serie de requisitos que deben reunir os gastos para os cales proxéctase este tipo de modificación de créditos, requisitos por outra banda, que son comúns tanto para os suplementos como para os créditos de carácter extraordinario.

En síntese, tales requisitos concrétanse en que os gastos haberán de ter carácter específico e determinado, non podéndose demorarse para o exercicio seguinte.

Así mesmo, debe cumprirse a premisa da non existencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado á finalidade específica a que se orienta o gasto a realizar no nivel establecido na vinculación xurídica, para o caso das

dotacións de créditos extraordinarios; ou para o suposto de suplementos, a constatación de que é insuficiente o saldo de crédito non comprometido na aplicación correspondente do estado de gastos do orzamento a que se debe imputar o gasto proposto, e iso no nivel establecido na bolsa de vinculación xurídica dos créditos aprobada polo Pleno da Corporación, non podendo ser obxecto de ampliación.

III.- Xustificación para non demorar o gasto ao ano seguinte:

O seu fundamento técnico está na propia insuficiencia para facer fronte ao custe orzamentario do proxecto que figura no expediente.

Ademais do anterior, este proxecto viña dotándose en anos anteriores con 250.000,00 euros, polo que, no ano andamos, a dotación aprobada inicialmente representa o 50% da dotación que se viña facendo en anos anteriores. Por outra banda, o proxecto tivo un crecemento, sendo cada ano maiores o número de categorías que se desenvolve.

Estas son as causas que se xustifican no expediente para a tramitación do suplemento de crédito, do que a propia memoria incorpora un epígrafe sobre a inaprazabilidade do gasto.

IV.- Recurso de financiamento proposto.

O recurso financeiro que se propón para o financiamento desta modificación de crédito é con cargo á baixa doutra aplicación orzamentaria.

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

Empregos				Recursos			
Aplicación	C. Inicial	Suplemento	C. definitivo	Aplicación	C. Inicial	Baixa	C. definitivo
3410.48900 16	125.000,0 0	145.000,00	270.000,0 0	4320.22799 05	250.000,0 0	145.000,0 0	105.000,00

Recurso financeiro este que admite o apartado 4 do artigo 177 do TRLRFL e o artigo 36.1.c) do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, para financiar os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

V.- Cumprimento da Regra de Gasto

O cumprimento da Regra de gasto que está a establecer o artigo 12 da LOEOeSF, limita a que orzamento tanto na súa aprobación como na súa liquidación, debe estar en función da Liquidación do ano anterior multiplicada pola TRCPIB.

De acordo co previsto na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro e na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, pola

que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, a modificación de orzamentos que se está a tramitar, non supón alteración cuantitativa do orzamento, polo que non afecta a proxección do gasto nin altera a regra de gasto inicial.

En relación coa obriga de emitir o informe sobre o cumprimento da Regra de gasto coa aprobación do orzamento, neste caso coa tramitación da modificación orzamentaria nº 61/2015, o artigo 3.c) da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información prevista na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que será unha obriga de remisión de información antes do 31/01 de cada ano, o informe da intervención de avaliación do cumprimento do *obxectivo de estabilidade e do límite da débeda, do que se deduce que non é necesario emitir informe sobre o cumprimento da regra de gasto na tramitación do orzamento, neste caso, na tramitación da modificación orzamentaria.*

VI.- Cumprimento do obxectivo de Estabilidade orzamentaria.

En canto ao cumprimento da estabilidade orzamentaria nos termos do previsto no art. 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e art. 4 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, o apartado 4 do artigo 11 da LOEOSF, establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

O Consello de Ministros, na reunión celebrada o día 10 de xullo de 2015, e conforme ao previsto no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, acordou fixar o obxectivo de estabilidade orzamentaria para as entidades locais no 0,00% para o período 2016-2018.

A análise da incidencia que produce o expediente que se está a informar sobre os orzamentos municipais pola aplicación da Lei Orgánica 2/2012 e do RXLEP sobre o equilibrio ou superávit, entendéndose por situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, cando os Recursos financeiros son iguais ou maiores cos Empregos de igual cualificación.

O cálculo faise para todos os capítulos, aínda que os capítulos V e VI sería cuantificados polos dereitos recoñecidos, para o resto dos capítulos, estase a tomar a recadación neta.

$(\sum \text{Recadación exercicio corrente e pechados dos capítulos I -VII ingresos} - \sum \text{capítulos I -VII gastos}) \geq 0$, cos axustes preceptivos .

En igual sentido, o Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais, no seu artigo 4 dispón que o grupo de entidades locais coa regulación que lle está a dar, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria. O obxectivo de estabilidade ten que se estar a cumprir de xeito continuo.

A modificación de crédito nº 32/2016, non supón un incremento de gasto xa que hai unha baixa no Capítulo II (Gasto non financeiro) por un importe de 145.000,00 euros, e un incremento no capítulo IV pola mesma contía, polo que non se produce un desequilibrio orzamentario no citado importe, xa que o sumatorio dos Capítulos I ao VII do Estado de Gastos mantense inalterado.

En resumo, o expediente cumpre co previsto no artigo 11.4 e 12 da LOEOSF.

VII.- Sustentabilidade financeira

En cumprimento do previsto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, enténdose por tal, a capacidade para financiar os compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites do déficit e da débeda.

Así mesmo, o artigo 7 do mesmo corpo legal, establece que os actos administrativos, os contratos e os convenios, deberán avaliar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de xeito estrito ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Na mesma liña, o artigo 12, supedita o gasto ao cumprimento da regra e do teito de gasto, que non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

O gasto que supón a modificación orzamentaria nº 32/16, non suporá en ningún caso un custe adicional con efectos nos orzamentos futuros.

IX.-Tramitación e aprobación do expediente.

Ao amparo do previsto nos artigos 177.2 do TRLRFL e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación aos expedientes de Suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e o réxime de recursos na xurisdición contencioso-administrativo aplicables aos Orzamentos, é dicir:

- ✓ Proposta coa Memoria xustificativa do Presidente.
- ✓ Informe preceptivo do Interventor.
- ✓ Acordo da Xunta de Goberno Local.
- ✓ Ditame da Comisión Informativa competente en materia de Facenda,

preceptivo a teor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.

- ✓ Aprobación inicial polo Pleno da Corporación.
- ✓ Non se require quórum especial para a aprobación destes expedientes de modificación de créditos sendo aplicable o réxime xeral da maioría simple de votos a favor (artigo 47 da Lei 7/1985).
- ✓ Exposición ao público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante devandito prazo ante o Pleno.
- ✓ O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).
- ✓ O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será inserido no Boletín Oficial da Provincia.
- ✓ Da concesión do suplemento de crédito definitivamente aprobada, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- ✓ A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.
- ✓ Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do suplemento de crédito.
- ✓ A modificación entrará en vigor unha vez produciuse a publicación no BOP, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación.
- ✓ Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario ou suplemento de crédito.
- ✓ De acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRFL, unha copia do Orzamento e de todas as súas modificacións debe acharse a disposición do público, a efectos

informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio.

X.- Conclusión:

Visto o contido do expediente nº 15139/333, relativo a modificación de créditos nº 32/2016 (Suplemento de Crédito) e a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Intervención Xeral conclúe:

O recurso financeiro proposto como financiamento para a modificación de créditos que é obxecto de informe, axústase ao previsto no artigo 177.4 do TRLRFL e artigo 36.1 do RD 500/1990.

O gasto é concreto e específico, estando xustificada a modificación orzamentaria que é obxecto de informe.

A modificación orzamentaria da cumprimento ao previsto no artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Dáse cumprimento ao principio de sustentabilidade financeira, xa que a execución deste gasto non vai ter efectos futuros negativos sobre o orzamento da Entidade.

O órgano proposto para a aprobación do expediente, de acordo ao previsto no artigo 177.2 do TRLRFL, artigo 38.1 do Real Decreto 500/1990, artigo 123.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, é o competente.

A tramitación administrativa do expediente é a axustada a Dereito.

En consecuencia, infórmase favorablemente, quedando sometido o mesmo á tramitación regulamentaria que se establece na proposta e neste informe.”

Con data 27 de xuño de 2016, a Xunta de Goberno Local presta conformidade ó informe proposta.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 28 de xuño de 2016, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Esta modificación de crédito ten por sentido apoiar o deporte base da cidade de Vigo, este goberno municipal ten como unha das súas

prioridades a aposta pola base, polo deporte de base, polo número importante de rapaces/as da nosa cidade que compiten en diversas competicións deportivas, hai que dicir que os orzamentos vixentes para este ano aumentan as axudas ao deporte de base así como as melloras nas instalacións deportivas que se descontamos a mellora no Estadio de Balaídos suporán un investimento de dous millóns de euros, na tempada pasada, na 14-15 o importe de subvencións ás bases rondaron os 240.000 euros, nos orzamentos vixentes neste ano 2016 a partida de axudas para o deporte de base é de 550.000 euros, polo tanto un importante incremento nas partidas de axuda a deporte da base, todo iso sen ten en conta a achega que se fai á Fundación Vigo Deporte e as achegas que se fan para organización de eventos deportivos.

O fútbol é un dos deportes que este Concello, este goberno ten como prioridade, posto que o número de licencias de rapaces/as federados así o abala, se temos en conta os equipos de fútbol federados na nosa cidade temos un total de 34 equipos de fútbol federados, todo isto incluíndo tamén os catro grupos de elite. Estes equipos, sen contar os catro equipos de elite teñen unhas 5.700 licencias, polo tanto, un número importante de rapaces/as que practican este deporte do fútbol e constitúen un importante factor de desenvolvemento tamén persoal para estes rapaces e rapazas desta cidade. Se a estas 5.700 licenzas engadimos as que xestiona directamente o Real Club Celta ou a través dos clubs conveniados temos 7.853 licenzas adicionais, polo tanto un número moi significativo de rapaces fundamentalmente pero tamén rapazas que practican o deporte do fútbol.

Dende hai anos, dende a súa creación en 1996 a Fundación do Celta ven traballando no proxecto canteira, un proxecto moi ambicioso pero tamén con moi bos resultados, de feito, foi recoñecido como a mellor canteira do ano 2014 pola prestixiosa entidade Fútbol Draft, e así o avalan tamén os resultados posto que os equipos que abarca Fundación Celta, participan en mundialitos como o mundialito alevín do Algarve en Portugal ou Turquoise Holidays Sprint celebradas en Turquía, esta canteira ten un importante impacto en Vigo e así o xustifican os resultados dos distintos equipos, o equipo da división xuvenil de honra quedou quinto na tempada, cos xogadores internacionais destacados e seleccionados pola selección sub-16, ou cadete división de honra campión de liga con 100 puntos con tódolos partidos gañados, o cadete da liga galega tamén campións desas ligas. Polo tanto,

resultados que avalan o bo xogo e os bos resultados desta canteira, canteira que hai que dicir que non se limita simplemente á formación de futbolistas senón tamén de persoas, posto tamén nas instalacións da Madroa se imparten clases particulares de apoio, de reforzo, para que os rapaces poidan superar con éxito tamén os seus estudos polo tanto un modelo de canteira, un modelo de estudo para os rapaces desta cidade.

Así que se propón esta Modificación de Crédito para aportar 145.000 euros adicionais á Fundación do Celta de Vigo para reforzar todas estas actividades que está a desenvolver dende hai anos e particularmente neste ano e polo que os resultados os avala. Hai que dicir que a cantidade se transvasa doutra partida que é a de promoción de rutas de aéreas, posto que os resultados do voos que saen dende Peinador, hai que dicir que froito dunha política intensa levada dende Alcaldía para fomentar o Aeroporto de Peinador, avalan a boa marcha de todas esas rutas tanto nacionais como internacionais, hai que dicir que durante este primeiro trimestre voaron 350.000 vigueses, polo tanto é como se toda a cidade voase en este primeiro trimestre. Polo tanto, vos a Bilbao, vos a Málaga, Sevilla, Valencia, Alacante, Mallorca, Menorca, Ibiza, Tenerife, Las Palmas de Gran Canaria e vos internacionais tamén a Bolonia, Dublín, Londres, a París, a Roma e a Lisboa, polo tanto o Aeroporto funcionando e esta política de fomento da promoción das rutas aéreas pode ceder a favor destas axudas o fútbol base que permita o desenvolvemento dos rapaces de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: A nós nos gusta empregar os recursos públicos en cousas que consideramos interesantes, por iso, o que máis nos gusta desta modificación de crédito que xa nos votamos afirmativamente na Comisión Informativa é a orixe dos cartos, preferimos que os recursos dos vigueses consoliden a actividade na cidade, deportiva e económica que ten moitas veces o retorno da actividade deportiva, antes que esas liñas aéreas de axuda que discrepamos, non só voan vigueses, voan xente de moitos orixes e o estamos a pagar tódolos vigueses, que pode ser unha función solidaria que ten esta cidade co resto do noroeste peninsular pero que en todo caso non corresponde a un Concello subvencionar liñas aéreas que forma parte dese lote de gastos impropios que sistematicamente temos que asumir e que logo non consolidan vos porque iso non é algo que digamos nós, que

tamén o propio Tribunal de Contas recoñece que nin se abaratan, si nun primeiro momento, estacionan en tempos moi concretos os vos no mes de verán, e logo desaparecen moitas liñas ao final de setembro, polo tanto, teremos tempo de falar das cuestións que teñen que ver coas subvencións a empresas privadas que ao fin e ao cabo non teñen ningún tipo de control público no retorno do prezo e que polo tanto, en setembro seguramente veremos cantos vos seguen sendo efectivos, ou cantos desaparecen despois do período estival.

Polo tanto, parécenos moi ben que se destinen varios miles de euros deses varios millóns de euros que este Concello adica a subvencionar a compañías privadas, moitas das cales como Vueling se adican a facer verdadeiras atrocidades como as que teñen feito esta fin de semana, que afortunadamente o estado vai facer unha intervención pública sobre eses tipo de pirateo que significa vender billetes con avións que nin sequera teñen pilotos.

Pero para falar desta cuestión estamos de acordo en que se promocióne dunha maneira comprometida, case militante o deporte base de Vigo, sobre todo é certo, eu non son gran fan do fútbol, pero é certo que o fútbol move máis nenos/as nesta cidade que outros moitos deportes, significativamente, tamén hai que ver significativamente a porcentaxe de recursos públicos adicados a escolas deportivas relacionas co fútbol pero os recursos adicados a escolas deportivas que nada teñen que ver co fútbol, pois si que teñen un desagravio relativamente importante.

Tamén consideramos, a pesar de que imos a apoiar esta modificación, que si que é certo que a Fundación Celta de Vigo moitos nenos/as participan nas categorías inferiores, nestes torneos pero existen bastantes clubs de base nesta cidade con resultados deportivos moi importantes, con ascensos como o que tivo recentemente o Alerta Navia ou a Unión Deportiva Santa Mariña, clubs tamén que teñen escolas deportivas propias que dende logo non van ter un retorno de 145.000 euros de golpe que vai ter esa modificación de crédito, sobre todo cando no propio expediente a Fundación Celta de Vigo, supoño, que terá algo que ver con ese club que se chama Celta de Vigo, imos pedirlle que faga un esforzo tamén de achega económica a súa Fundación, porque polo que vemos aquí no orzamento que se presenta non aparece ningún tipo de ingreso por parte da sociedade anónima deportiva a esas actividades, é máis, só se fala dunha doazón de viúva J.

Domínguez, 71.000 euros que se achegan neste caso a estas escolas deportivas, ao mellor 125.000 euros da venda de 19 millóns de euros de Nolito, pois non estaría mal que ao mellor unha parte acabara adicada a súa propia Fundación para que non teñamos que ser precisamente as entidades públicas as que financemos a unha fundación dunha sociedade anónima deportiva que non lle vai mal economicamente, incluso que podería votar unha man económica á reforma do estadio municipal que utilizan en réxime de usufruto, pero digo estamos de acordo con este uso económico pero tamén unha corresponsabilidade por parte da sociedade anónima deportiva en botar unha man a eses mozos/as, rapaces/as que están facendo un bo traballo deportivo e que polo menos, salvo que non estea neste expediente, pois neste expediente non aparecen máis ingresos que esas doazóns privadas, dende logo se é certo que é unha fundación pero calquera entidade madre dunha fundación tamén pode facer a adhesión á entidade, neste caso á Fundación. Consideramos que debería haber ese mesmo esforzo a outro tipo de escolas deportivas futbolistas que nós falamos moitas delas, incluso moitas delas xestionadas directamente polas ANPAS, como pode ser a ANPA Val e moitas outras que non teñen practicamente axudas, certo que antigamente tiñan unha liña de axuda por parte da Deputación de Pontevedra que curiosamente desapareceu co cambio político, entón aí si que pediríamos unha corresponsabilidade tamén con outras escolas deportivas de moitos barrios de Vigo que tamén moven miles de nenos tódolos anos en actividade de promoción do deporte.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Nós xa na Comisión Informativa que se levou este expediente pois votamos a favor porque nos parece, como dicía o compañeiro de Marea de Vigo, axudar ao deporte base na cidade é importante, que xa hai suficiente partida orzamentaria para a promoción de voos e destinos turísticos, hai que lembrar que case son 9 millóns de euros en diferentes anualidades, en tres convenios que ten o Concello, e que iso ademais é positivo porque está reportando un beneficio importante á cidade e ao Aeroporto, gracias tamén á baixada de taxas e a política de promoción e de custe cero para nova liñas e novas rutas que está aplicando o Ministerio de Fomento e a ministra a Sra. Ana Pastor, en tódolos aeroportos de rede de Aena.

Eu mirándolle á cara e non mirando á cámara, Sr. Aneiros, diríalle que por iso imos apoiar esta partida, esta modificación orzamentaria porque o Partido Popular de Vigo tamén cre no deporte base, nós cremos no deporte base, apoiamos moito durante os nosos mandatos no Concello ao deporte base na cidade, grandes concelleiros de Deportes como o Sr. Figueroa e a Sra. Molares así tiveron predicamento na cidade e aínda se lembra todo o mundo da súa xestión no deporte da cidade e tamén porque cada euro investido en deporte pois segundo diferentes estudos, algúns din que son seis euros que se aforran en saúde, outros din que son 15, outros que ata 50 euros, e si é certo que o que está a pasar na cidade de Vigo é que o deporte base está un pouco abandonado por este Concello, xa acaba de dicir o meu compañeiro da Marea de Vigo que as axudas que había da Deputación de Pontevedra, non está aquí a Sra. Presidenta da Deputación, terá outras cousas máis interesantes que facer hoxe, pero parece ser que desapareceron esas axudas da Deputación, non sei se nese borrador de convenio ou protocolo, ao final a ver se dentro dos catro anos que dura a lexislatura, xa leva un ano e un mes, pois sabemos algo do deporte base para a cidade.

Tamén é importante que outros deportes teñan algunha axuda e non só o fútbol que nos parece ben, pero hai outros deportes importantes na cidade que non están a ter a mesma axuda, incluso outros equipos e clubs de fútbol que non teñen nin para material nin para desprazamentos, son os pais os que sufragan a maioría dos gastos, se vostedes son socialistas aínda que non sei o que lles queda de socialistas e de obreiros, o lóxico é axudar ao que máis o necesita, parece que a Fundación Celta de Vigo co Celta de Vigo e todo o que representa o Celta de Vigo e o orzamento que ten o Celta de Vigo, quizais aínda que haxa que axudalos, non é o que máis o necesita.

Despois tamén haberá que axudar ao Celta porque nos preocupa algunhas das noticias que veñen esta fin de semana na prensa e é as declaracións do Presidente do Celta de Vigo no que está farto das mentiras do Sr. Alcalde de Vigo e se propón deixar o Celta porque o seu proxecto estrela que non é nin o fichaxe de Nolito, nin Orellana, nin de ninguén destes xogadores que nos fixeron gozar este ano, senón un proxecto de cidade que é a cidade deportiva segue no soño dos xustos e non se sabe o que vai pasar coa cidade deportiva que é proxecto que faría cidade, e é unha infraestrutura básica para cidade de Vigo.

Simplemente, que imos apoiar esta modificación, pero botamos de menos máis axudas para outros deportes e non por exemplo, unha noticia que nos parece un atentado contra un deporte como é a natación, que é o de tapar unha piscina sobre a que xa nos gastamos 800.000 euros, isto non pasou en ningunha cidade do mundo como lles gusta dicir ao Alcalde, están a falar ata en Nova York de como se pode tapar unha piscina municipal para poñernos supoño que un polideportivo, a natación federada de Vigo necesita espazo e por iso me parece unha perda de cartos, a parte dun atentado e por exemplo, ao Coruxo que se lle baixou a axuda desta ano, é un clube que tanto coñece o Alcalde.

SR. ANEIROS PEREIRA: Sr. Fidalgo, mirándolle á cara, e confirmando, vendo ao meu compañeiro de Deportes, está vostede falando de ciencia ficción, porque se alguén está a apoiar ao deporte de base nesta cidade é o Partido Socialista Obreiro Español, o Alcalde e este goberno municipal, hai que ver canto investía o goberno da Sra. Porro, do Partido Popular, pouco, nada, cero. O goberno do Partido Socialista apoia ós 34 equipos de fútbol base desta cidade, polo tanto tódolos equipos teñen o apoio que lle corresponde en función das licencias que teñen eses equipos da nosa cidade, equipos que se dispersan por toda a xeografía da cidade, dende Alcabre, Lavadores, Balaídos, Sampaio, o campo de fútbol de San Miguel, de San Esteban, o clube deportivo Nieto, o Alerta de Navia, o Casablanca, o Moledo, o Racing de Castrelos, o Rápido de Pereiró, Atlántida de Matamá, Comesaña de Candeán, Teis, San Roque, a Guía, Aerosa, Coia, Bouzas, o Apostol Santiago, Gran Peña Independente, Cristo da Vitoria, Deportivo Santa Mariña, Vetaranos de Teis, Valladares, Vigo 2015, Coruxo, Olivo e o Sárdoma, polo tanto, tódolos clubs de fútbol desta cidade teñen apoio deste goberno e deste Concello.

Pero miren, hai unha cousa moi importante porque tamén nesa falacia na que partía o Sr. Fidalgo de que o Partido Popular tamén apoia, hai que ver onde está a Xunta de Galicia, desaparecida desta cidade, polo tanto hai que reclamarlle tamén á Dirección Xeral do Deporte que apoie.

O deporte si que é importante para o colectivo, polo que fai de cidadanía, de esforzo dos rapaces, polo que fai tamén de mellora nas prácticas de saúde, iso é moi importante pero, aproveitando o que dicía o representante de Marea de Vigo, facer unha mención especial ao investimento nas rutas aéreas, ter un aeroporto é

fundamental para a cidade e para o desenvolvemento do tecido produtivo, cando outras cidades de Galicia falsean tamén os datos, a competencia, apoian rutas aéreas, este Concello tivo que reaccionar, e os resultados están aí, as rutas funcionan, non son rutas conxunturais, son rutas que nos unen con importantes aeroportos de conexión con outras partes de España e do mundo. O Aeroporto de Vigo é o que crece máis rapidamente dentro de Galicia, un 42% de media neste primeiro semestre de ano polo tanto, os datos avalan a política aeroportuaria que se fixo dende este goberno. Polo tanto, trátase de conectar á cidade para mellorar o tecido produtivo, para mellorar as condicións de vida da cidadanía de Vigo. Se vostedes viaxan en avión, quen viaxa en avión, quen viaxa aquí non son turistas que van facer turismo á Catedral de Santiago de Compostela, son xentes de negocios, son os cidadáns/ás de Vigo que viaxan a outras partes de España e do mundo para traballar, para facer negocios e para xerar mellores condicións de vida para toda a cidade. Polo tanto, esa é a razón, a política funciona e os recursos se poden adicar a outras finalidades como é potenciar o deporte base ás rapazas/es de Vigo.

(No momento da votación atópase ausente o Sr. Regades Fenández)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 32/2016 por unha contía de 145.000,00 euros, para facer fronte ao Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e Fundación Celta de Vigo, para o desenvolvemento do programa de deporte base que forma parte da documentación que conforma o expediente.

A modificación orzamentaria nº 32/2016 incorporada ao expediente 15139/333 confórmase dun suplemento de Crédito por unha contía de 145.000,00 euros.

A xustificación da súa tramitación está motivada na memoria e no Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 8 de xuño de 2016

A modificación orzamentaria financiarase con cargo a diminución doutra aplicación orzamentaria, que resulta reducible, facéndose constar na memoria asinada a posibilidade de redución.

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

Empregos				Recursos			
Aplicación	C. Inicial	Suplemento	C. definitivo	Aplicación	C. Inicial	Baixa	C. definitivo
3410.4890016	125000	145000	270000	4320.2279905	250000	145000	105000

Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións, sempre coa lexitimación activa e causas previstas no artigo 170 do TRLRFL.

De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

Contra a aprobación definitiva da concesión de Suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario.”

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se realizaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1(104).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DOTAR DOS MEDIOS E RECURSOS NECESARIOS PARA GARANTIR O PAPEL ESENCIAL DA ATENCIÓN PRIMARIA NO CONTEXTO DA SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA. REXISTRO PLENO 1395/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 29 de xuño de 2016, número 1395/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Existe un consenso xeneralizado social, profesional e político sobre o papel esencial e imprescindible da Atención Primaria en calquera sistema de saúde, sexa cal for o país e o modelo de sistema.

No caso do Sistema Nacional de Saúde de España, o nivel de Atención Primaria de Saúde, grazas ao modelo organizativo e de xestión e aos seus profesionais, goza de gran prestixio e recoñecemento social e profesional; de tal forma que se converteu en poucos anos nun elemento esencial na vertebración, lexitimación, eficiencia e calidade do noso SNS.

Como constatación do que nos últimos catro anos viña sendo progresivamente un clamor social, político e profesional sobre a degradación do SNS e especialmente do nivel de Atención Primaria de Saúde, hai uns días todos os medios de comunicación da nosa Comunidade e do Estado fixéronse eco do posicionamento do Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra manifestando a súa preocupación pola deterioración da Atención Primaria en Galicia e que ten a súa expresión en déficits e disfuncionalidades recollidas no devandito documento. Todo iso, segundo o referido documento, como resultado das restricións orzamentarias e outras decisións do Goberno Galego.

Documento do Colexio de Médicos que non fai, senón que reafirmar e poñer en valor o reiteradamente exposto polos profesionais do sistema, por colectivos sociais, por centrais sindicais, partidos políticos e por pacientes.

E por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que, facéndose eco deste clamor social e profesional, e apoiándose nestas asociacións e colectivos, proceda con carácter urxente a dotar dos medios e recursos necesarios para garantir o papel esencial da Atención Primaria no contexto da Sanidade Pública de Galicia.”

DEBATE:

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Existe un consenso xeneralizado social, profesional e político sobre o papel esencial e imprescindible da atención primaria en calquera sistema de saúde, sexa cal sexa o país e o modelo do sistema. No caso do Sistema Nacional de Saúde de España o nivel de atención primaria de saúde grazas ao modelo organizativo e de xestión dos seus profesionais, goza dun gran prestixio e recoñecemento social e profesional, de tal forma que se converteu en poucos anos nun elemento esencial de vertebración, lexitimación, eficiencia e calidade do noso sistema nacional de saúde.

Como constatación do que nos últimos catro anos viña sendo progresivamente un clamor social, político e profesional sobre a degradación do Sistema Nacional de Saúde, e especialmente do nivel de atención primaria, hai unhas semanas tódolos medios de comunicación da nosa comunidade e do Estado, se fixeron eco do posicionamento do colexio oficial de médicos de Pontevedra manifestando a súa preocupación polo deterioro da atención primaria en Galicia e que ten a súa expresión en déficit e disfuncionalidades recollidas en dito documento, todo isto, segundo o mesmo, como resultado das restricións orzamentarias e outras decisións de goberno galego. Segundo o órgano do Colexio de Médicos de Pontevedra, os problemas máis acuciantes deste ámbito sanitario son a lacra da precariedade laboral, a actual política de substitucións, a falla de homoxeneidade na aplicación de criterios entre as diferentes xestoras das diferentes áreas sanitarias ou a definición das axendas de citación, as listas de espera, a excesiva rotación de facultativos ou a masificación de consultas nos centros de saúde.

A isto se suma, segundo denuncia o propio Colexio de Médicos, a falla de

recoñecemento profesional vía carreira ou a ausencia dun catálogo uniforme de acceso a probas complementarias nas diferentes áreas sanitarias. Documento do Colexio de Médicos que non fai senón que reafirmar e poñer en valor o reiteradamente exposto polos profesionais do sistema, polos colectivos sociais, por centrais sindicais, partidos políticos e por pacientes, e que non é senón a expresión de algo moito máis grave, que é o deterioro xeneralizado da sanidade pública dende que está no goberno o Sr. Rajoy.

Por todo isto, o grupo municipal socialista no Concello de Vigo somete a votación a seguinte moción, que di que facéndose eco deste clamor social, profesional e apoiándose nestas asociacións e colectivos, proceda con carácter urgente a adoptar dos medios, recursos necesarios para garantir o papel esencial da atención primaria no contexto da Sanidade Pública de Galicia.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Pois claro que imos votar a favor desta proposta porque apoiamos, como non, o documento do Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra, onde se presenta as consecuencias das restricións orzamentarias dos actuais gobernos no eido da atención primaria. Reflicten neste documento, como xa ben dixo o concelleiro, que como problemas máis salientables atópanse a necesidade de establecer criterios uniformes para definir as axendas de citación, a falla de homoxeneidade na aplicación de criterios entre as AEOXIS, as listas de agarda, a excesiva rotación de facultativos e a masificación das consultas nos centros de saúde, así como as secuelas da precarización laboral e a política de substitucións, entre outras. O ano pasado o Concello Galego de Médicos solicitou á administración crear mesas de traballo para tentar solucionar estas eivas, o cal a administración acceden, máis unha vez de xeito cínico e irresponsable, non mostrando vontade ningunha de avanzar na procura de solucións xa que para iso sería preciso un proxecto de orzamento.

O persoal médico de atención primaria, igual que todo o colectivo sanitario, precisa contar cunhas condicións mínimas dignas para poder atender as pacientes cun mínimo nivel de calidade e non como nalgúns casos como se lle di que só teñen cinco minutos ou tres, nalgunhas ocasións, para ser atendidas sexa cal fose a súa doenza, e isto é así xa que segundo a enquisa elaborada pola Organización Médica Colexiada no ano 2015, Galicia nun 23% dos cupos de atención primaria, ten máis

de 1.500 tarxetas sanitarias, cualificado por suposto como cupo excesivo que fai moi difícil unha boa atención sobre todo nunha poboación envellecida como é a galega que precisa moita máis atención.

O 28% do persoal médico conta con máis de 40 pacientes diarios, o problema agrávase nas vacacións do persoal, coincidindo case sempre coa afluencia de turistas a Galicia, o persoal médico debe atender nestes casos a máis de 40 pacientes nun 75,6% dos casos, superior ao do Estado que é de 68%, sen dúbida por non facer substitucións do persoal no período de vacacións, e no caso de Pediatría nesta situacións especiais teñen que atender a máis de 30 criaturas no 87,5% dos casos, isto quere dicir que a situación ben se pode dicir que tende ao caos e que sen ningunha dúbida é preciso dotar dos medios necesarios e inmediatamente a este sector da sanidade como é a atención primaria que é o eixo fundamental para poder contar cunha sanidade rápida, efectiva e de calidade, e tamén sen ningunha dúbida se este primeiro contacto dos pacientes co persoal médico fose o adecuado, evitaríase en grande medida o desvío da poboación cara os servizos de urxencias que se atopan en moitas ocasións colapsados por non poder contar cunha atención adecuada na atención primaria.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Por suposto que nos queremos na atención primaria no seu papel vertebrador, no seu liderado clínico e no seu efectivo, eficiente papel, queremos tamén nos os profesionais e sabemos tamén que non é casual que sexa un dos servizos públicos máis valorados pola cidadanía.

Os indicadores dos resultados están aí, mostran mellora e iso dificilmente se conséguese sen unha dotación de recursos necesarios e moitos son os exemplos e os datos que así o poñen de manifesto e indican que este deterioro do que falan non é tal, tense mellorado o acceso a probas diagnósticas, a dotación tecnolóxica de moitos centros de saúde, téñense posto en marcha as vías rápidas de patoloxía oncolóxica, a consulta telefónica á atención primaria, a telemedicina, a historia electrónica, prescrición electrónica que reduciu a burocracia, a hospitalización a domicilio a través da atención primaria e temos aumentado a capacidade resolutiva dos packs cunha menor porcentaxe de derivación hospitalaria, sen falar dos 26 novos centros de saúde que se crearon neste ano, reformáronse once, outros están en obras e neste 2016 ten previsto licitar nove

máis e outros en proxecto.

Constituíse tamén grupos de traballo cos catro colexios de médicos e as sociedades científicas, AGANFEC, Semergen, Semg para mellorar o funcionamento da atención primaria en Galicia.

En canto ao posicionamento do Colexio Médico de Pontevedra, pois a verdade é que dito posicionamento resulta sorprendente pois a organización médica colexial que é órgano que comprende tódolos colexios médicos de España incluído o do Pontevedra ven de publicar a enquisa da que fala Marea de Vigo, unha enquisa que para nós é moi interesante porque fala da situación da atención primaria en España no 2015 e das consecuencias dos seus recortes e resultados detallados por comunidades autónomas, demoras, consultas etc. nos principais indicadores dos que falaba a compañeira de Marea de Vigo. En dito documento queda claramente patente que a situación en Galicia evidentemente é mellorable pero dende logo e substancialmente mellor que na do conxunto do Estado e xa non falamos de comunidades como Andalucía nas que governa o Partido Socialista das que podemos falar, amplo, largo e tendido.

No estudo a comparativa entre Galicia e o promedio de España mostra claramente moitos mellores resultados en Galicia que no conxunto da nación, menos carga de pacientes por médico, menos número de consultas diarias, por exemplo, médicos con máis de 1.500 cartillas en Galicia efectivamente un 23% pero que en España temos un 45% e Andalucía un 63,1%. Médicos de familia con máis de 40 consultas ao día, en Galicia un 27%; fronte a un 41,3% en España un 69,6% en Andalucía, non estamos de acordo nesta premisa deste caos ou deste deterioro da atención primaria, máis ben valoramos que a pesares dos momentos de dificultade económica, tense apostado pola atención primaria como elemento básico do Sistema Galego de Saúde e mellorando as súas prestacións.

Dende logo continuar garantindo o papel esencial da atención primaria na sanidade pública galega é algo que sempre lle pediremos a calquera goberno, ao da Xunta de Galicia e sexa do color que sexa, evidentemente hai moito traballo por facer, polo tanto non podemos apoiar esta moción pero valoramos que sempre pediremos que se garanta a dotación de medios e recursos necesarios para o correcto funcionamento e a mellora da atención primaria na sanidade pública, por iso que ímonos abster nesta moción.

SR. RODRIGUEZ ESCUDERO: Eu creo que polo respecto que sempre procuro ter a todos e cada un dos que forman parte da Corporación, estean onde estean vou ser cauto na expresión, a verdade é que estimado compañeiro do Partido Popular, a verdade é que decepcionoume, unha cousa é a posición que ten vostede que defender dentro do Partido Popular e outra cousa é que poida facelo nun Pleno, sen que lle, permítame, que se lle caia a faciana de vergoña, politicamente, insisto, co maior dos respectos. Como pode vostede falar dos centros de saúde que se fixeron, cando se incumpriu o compromiso político, institucional, de facer cinco centros de saúde en Bouzas, na Seara, en Calvario, en San Roque e Balaídos en Vigo, nin un, a pesares da concesión dos terreos e locais por parte deste Concello, nin un, polo tanto é difícil poder defender isto.

Segundo, fala vostede do estado de opinión, o estado de opinión márcao fundamentalmente unha enquisa que ten prestixio e rigor científico, que é o barómetro sanitario, vostede sabe canto caeu a confianza na atención primaria de saúde nos últimos anos? Preto do 28%, o 27,85% caeu a confianza na atención primaria de saúde, en Galicia un pouco máis aínda, segundo o barómetro, fálolle da media, e xa non falemos doutros que é a expresión deste fracaso e destas medidas políticas de recortes como a lista de espera que se incrementou ou como os problemas da diminución de camas hospitalarias nun país que necesita máis camas hospitalarias aínda.

Non, señor representante do Partido Popular, non, non é isto, nin moito menos, a atención primaria é efectivamente moito máis cunha palabra, é un concepto transversal, lonxitudinal de atención ao paciente, a porta de entrada onde se deben definir todos e cada un dos pacientes para derivalos nas mellores condicións a nivel hospitalario, e fracasou porque vostedes non cren nela, sabe cando diminuíu o orzamento da Xunta de Galicia na atención primaria? O 18,8%, dous puntos por enriba da media do Estado, isto indica o compromiso que teñen vostedes, precisamente nun país que polos seus problemas demográficos de poboación de máis de 65 anos e pola dispersión de poboación e polo nivel de renda, necesitaba potenciar os servizos de proximidade, os servizos de cercanía, aquilo que lexítima o papel institucional da sanidade pública, vostedes non cren niso por iso veñen aquí cunha medida de abstención nesta moción que pon en

evidencia.

VOTACIÓN: Con dezaeito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 29.06.2016 (Rex. Nº 1395/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.2(105).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA COMO RESPONSABLE DA CONCESIONARIA DA AUTOESTRADA A-9, A QUE TOME AS MEDIDAS NECESARIAS PARA SOLUCIONAR OS PROBLEMAS NA ENTRADA Á CIDADE. REXISTRO PLENO 1396/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 30 de xuño de 2016, número 1396/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A cidade de Vigo sente un trato discriminatorio en moitos aspectos relacionados coa entrada da autoestrada A-9 á cidade.

Esta situación vén denunciándose de forma reiterada e foi obxecto de acordo plenario neste Concello que non foi satisfeito polo Goberno Central.

A situación cada vez deteriórase máis sendo necesario, máis que nunca, unha solución aos problemas de liberalización de peaxe no tramo urbano entre Chapela e a entrada á cidade, de adecuación da instalación e de abordar o impacto acústico que ocasiona graves prexuízos aos veciños cuxas casas colindan coa autoestrada.

É por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Instar a Goberno de España como responsable da concesionaria a tomar todas as medidas para:

-Asegurar que a autoestrada sexa utilizable entre a Avenida Buenos Aires e o centro de Vigo en todas as direccións.

-Levar a cabo unha adecuación completa de toda a entrada á cidade no relativo aos parámetros de pintura, sinalización, etc.

-Adoptar as medidas necesarias para minorar o impacto acústico en todo o tramo urbano."

DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A cidade de Vigo sente un trato discriminatorio en moitos dos aspectos relacionados coa autoestrada AP-9 a súa entrada á cidade de Vigo. Esta situación ven sendo denunciada de forma reiterada non só pola sociedade, polos veciños de Teis senón tamén neste Pleno en varias ocasións, que non foron satisfeitas polo goberno central do Partido Popular.

A situación cada vez deteriorase máis, sendo necesario máis que nunca unha solución a esta situación que cada vez máis deteriorada fai unha entrada na cidade de Vigo que non é nin operativa, nin práctica e moito menos estética acorde coa cidade na que vivimos.

Reclamamos melloras nos accesos, en insonorización, temos un vial que veciños día tras día se queixan do ruído que producen os vehículos lixeiros e os vehículos pesados a súa entrada na nosa cidade, e tamén reclamamos melloras na accesibilidade, dende Teis, dende Chapela, facer entradas e saídas que fagan máis

permeable toda esta zona e sobre todo que fagan este último tramo da AP-9 un vial urbano como vimos reclamando en varias ocasión.

Cremos nos mesmos criterios que estamos a facer na cidade, temos unha cidade de primeira, que digo de primeira, unha cidade que xoga en Europa, e queremos uns accesos á cidade de primeira e nestes momentos temos uns accesos á cidade de cuarta, con muros de formigón que endurecen a súa entrada, que fan reverberar o ruído dos motores e que fan ensordecedor a vida para os veciños/as de Teis.

Temos que ser capaces de facer un vial máis humano e un vial como di o noso Alcalde humanizado para o uso e goce de tódolos cidadáns.

Eu llo repito Sr. Fidalgo, para ver se desta vez é capaz de entendelo, fixemos unha batalla importante coa ministra de Fomento para adaptar a Avenida de Madrid a unha avenida do século XXI, na que desapareceran dunha vez por todas eses valos que o Partido Popular se sentía orgulloso e que desapareceran dunha vez para facer un vial urbano, humanizado, moderno, digno para as veciñas/os, xa sei que ao Partido Popular válelle todo, a nós non, esixímoslle ao Partido Popular en Madrid e por suposto contamos co seu voto favorable a esta proposta para conseguir unha entrada á AP-9 digna para os nosos tempos, dentro das necesidades actuais da rede viaria de Vigo para mellorar a mobilidade, unha das máis necesarias e máis importantes no sentido da moción e a mellora dos enlaces á AP-9, precisamente dunha mellora de interconexión dos viais primarios co vial distribuidor do centro da cidade, destacando sen dúbida a mellora do enlace coa rúa Buenos Aires, nestes momentos os veciños de Teis están a sufrir por Buenos Aires e no seu entorno, San Xurxo Badía, un volume de tráfico pesado moi elevado que se evitaría con estes novos enlaces, estas novas entradas de Teis e novas saídas de Teis na cidade de Vigo. É un vial urbano, Sr. Fidalgo, e as conexións coa PO-323, con Redondela, que tamén reclaman os veciños de Chapela e de Redondela, nun entorno que parece interesante tamén a redefinición dos viais que teñen acceso a Teis, seguramente con proxectos que a Xunta de Galicia ten abandonados pero non é o caso como o túnel que conectaría a zona de Etea coa zona de García Barbón, pero sabemos que o Partido Popular a cidade de Vigo tena abandonada, pero nós seguimos dicíndolle, instamos ao goberno de España como responsable da concesionaria a tomar medidas xa, urxentes para asegurar que a autoestrada sexa utilizable entre a

Avenida de Buenos Aires e o centro de Vigo en tódalas direccións, entradas e saídas. Tamén levar a cabo unha adecuación completa de toda a entrada na cidade, relativa aos paramentos de pintura, sinalización e sobre todo ser capaces de poñer barreiras sonoras para acabar con ese estrondo que se produce á entrada dos vehículos na cidade de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos de acordo con esta moción, moción que non é nova e nós que somos unha forza política que só leva un ano nesta Corporación, quero lembrar as múltiples ocasións nas que outra forza política como o Bloque Nacionalista Galego pediu precisamente a conversión no tramo urbano, este tramo comprendido entre Buenos Aires e o centro de Vigo, varias veces pediuno neste Pleno, a Sra. Olaia Fernández, a deputada que naquela altura tiña o Bloque Nacionalista Galego, pediuno reiteradas veces no Congreso dos Deputados e pediuno en diferentes momentos políticos deste país estando gobernado polo Partido Popular e o Partido Socialista o goberno e polo tanto o Ministerio de Fomento, e foi no ano 2011 o propio Partido Socialista o que dixo que non era posible o que se introduce nesta moción dicindo que insta esta posibilidade de reconverter esta zona, non era para distribuír o tráfico urbano senón que era para distribuír outro tipo de tráfico que viña eminentemente fora do ámbito urbano, e polo tanto naquela altura o Ministro o Sr. José Blanco, dicía que non era posible esta opción de converter en un tramo urbano, que por certo, esa recomposición dese tramo urbano permitiría a rexeneración do barrio, esa altura contra todo este tipo de cuestións pois está nas hemerotecas as preguntas parlamentarias que naquela altura presentara esta forza política apoiada por outras moitas forzas no Congreso dos Deputados. Polo tanto, está ben que se fale destas cuestións pero tamén que se lembre, que se teña memoria de que á altura do 2010-2011 se podería ter afrontado esta opción de recomposición da entrada do tráfico da AP-9 sen ningún tipo de problema e estar hoxe en día licitado e funcionando como no seu día o Partido Socialista tamén licitou a reordenación e a ampliación dos carrís na altura da Ponte de Rande, que no seu día tamén se fixo a través dunha xestión dun Ministro Socialista, si que discrepamos desa cuestión que se introduce, da discriminación da AP-9 con respecto a Vigo, a AP-9 discrimina a toda Galicia, a tódalas cidades, o Concello de A Coruña acaba de ter que ceder ante o Ministerio

de Fomento para a recomposición da entrada de Alfonso Molina e a cidadanía de A Coruña para poder ter unha entrada normal da AP-9 vai ter que soportar durante 20 anos un incremento adicional de calquera incremento que haxa nas tarefas, de 1,5%, é dicir, durante 20 anos a maiores do que suba o IPC, do que se incremente calquera tipo de tarificación ordinaria de Audasa, se incrementará un 1,5% adicional durante 20 anos, só por que a condición “sine qua non” Audasa asume o custe das obras, é dicir, non é unha empresa que estea discriminando a Vigo, é unha empresa que está discriminando a toda Galicia, a tódalas cidades e polo tanto sería bo un fronte común das grandes cidades polas que pasa a AP-9, contra esa capacidade que ten Audasa de condicionar durante 20 anos non só á concesión senón tamén ás tarefas. Polo tanto, a discriminación é con toda Galicia, con tódolos galegos/as e non exclusivamente coa cidade de Vigo.

Estamos de acordo na recomposición dese tráfico, estamos de acordo por suposto tamén en que iso serva de rexeneración dun barrio que xa ten dúas ou tres infraestruturas tanto de ferrocarril como viarias que están tapando precisamente o desenvolvemento do barrio e o que si pedimos que estas cousas se lembren, se teñan en conta tamén cando se goberna porque isto xa foi presentado, pedido no seu día e houbo no un silencio administrativo senón que houbo un non, e se dixo exactamente de Fomento que o obxectivo deste tramo non era resolver tráfico eminentemente urbanos, isto dito polo Ministro o Sr. José Blanco no seu día, polo tanto, pedimos que tamén teñamos memoria das mocións que presentamos no Pleno porque moitas veces é bo lembrar que as cuestións que se presentan nos Plenos cando chegan as opcións de goberno e cambian os gobernos, esquécense no limbo dos xustos.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Regades, vostedes presentan hoxe aquí unha moción que loxicamente o contido é claramente político, é dicir, vostedes intentan desviar a atención doutras cuestións con respecto ao barrio de Teis que loxicamente o leva a vostede a esta situación, a presentar esta moción.

O problema de comunicación dun barrio como o de Teis si é a autoestrada, a entrada do AVE pero tamén é o túnel de Xulián Estévez, vostedes levan con ese proxecto enriba da mesa na Xerencia de Urbanismo para tomar esa decisión, dous anos e medio ou tres anos aproximadamente, a Xunta de Galicia puxo os cartos,

vostedes tiñan que facer a licitación dese proxecto e nunca o fixeron, e agora atopámonos co Plan Xeral anulado que loxicamente é unha decisión tomada por unha negligencia de vostedes e atopámonos co segundo problema.

Se alguén defendeu e defende o trazado da AP-9 foi a Ministra e é a Ministra a Sra. Pastor, creo que as decisións que se tomaron nos últimos meses, anos, están aí, creo que os medios de comunicación e a hemeroteca así o pode confirmar ou ratificar, dende a anulación, a subvención dos billetes, saben vostedes que levamos beneficiados aproximadamente 5 millóns de desprazamentos que significan unhas cantidades importantes, preto de 10 millóns de euros ao longo destes últimos meses, anos e a Ministra de Fomento tamén potenciou a ampliación da Ponte de Rande e ao mesmo tempo as conexións coas demais partes de autoestrada e os seus enlaces.

Polo tanto, eu creo que vostedes o que din aquí de que non é operativa, seguramente tiña que preguntarllo ao Goberno, presidido o Ministerio de Fomento naquel momento o Sr. José Blanco, que foi Ministro de Fomento durante unha época importante, pero seguramente vostedes tiveron un deslizo político importante que foi aquela Ministra a Sra. Magdalena Álvarez que dicía que as infraestruturas de Galicia non estaban contempladas naquel momento para a súa xestión.

Se hai unha ministra que defende a Vigo e as entradas e infraestruturas, esa é a Ministra a Sra. Ana Pastor, dende a chegada do AVE, dende o desdoblamento de Rande, dende a depuradora, dende a posta en marcha da Autoestrada do Mar, pero son cuestións que a vostedes non lles gusta escoitar pero que loxicamente están aí e así hai que dicilo publicamente porque vostedes inténtano ocultar.

Creo que este é unha mensaxe que temos trasladar e que queremos melloras para a nosa cidade, e por suposto que queremos melloras para a nosa cidade, por suposto que a ampliación de Rande é importante para a nosa cidade, pero aí está contemplado, por suposto que a bonificación dos billetes do peaxe é importante e que un vaia a Pontevedra e na volta non pague é definitivo para a industria, comercio e para todo o relacionado co desenvolvemento da nosa cidade de Vigo.

O Ministerio de Fomento xa obrigou a Audasa a instalar as pantallas e o firme absorbente, creo que é unha decisión que está tomada, que está reflectida nos medios de comunicación, se quere Sr. Alcalde lle traslado os medios de

comunicación onde claramente di que as axudas logradas por Fomento pero advirten á concesionaria de que vixiarán que se acometan, a Ministra de Fomento xa tomou esta decisión, xa llo comunicou a Audasa, Audasa está a facer as obras correspondentes da entrada na cidade de Vigo e o que si tamén é importante con respecto a todas estas cuestións e que vostede sabe e ademais que foi presidente da Autoridade Portuaria, que no ano que vostede era presidente da Autoridade Portuaria se fixeron unhas serie de alegación ao Plan Xeral é vostedes contemplaron dentro desas alegacións que a comunicación co Porto de Vigo se contemplase na entrada da AP-9, creo que vostede asinou esa alegación que está aí reflectida no Plan Xeral e por suposto, esta alegación que trae? Pois que ao declarar o Porto de interese xeral, pois tódalas comunicacións que están no seu entorno se configuran desa maneira xuridicamente e tecnicamente.

Polo tanto, vostede é responsable tamén e debería facer unha reflexión de isto que lle estou a comentar e que loxicamente non me da tempo para poder amplialo.

Polo tanto, eu creo, Sr. Regades, nós imos votarlle en contra desta moción, porque é puramente política, nós estamos a facer ese traballo dende o Ministerio de Fomento e loxicamente nós imos seguir nesta dirección.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade, a ambición do goberno desta cidade, do Partido Socialista é a cidade. Eu estou un pouco farto deste discurso de Marea de Vigo que cando é para pedir pedimos para todos e cando é para dar pois nunca os temos ao carón, sempre en contra da cidade, seguramente porque nós estamos orgullosos de ser concelleiros e gobernos desta cidade e outros están incómodos neste Pleno e lle gustaría estar noutros Plenos nos que fracasaron politicamente e lles gustaría propoñer iniciativas de Galicia, eu estou aquí para defender á cidade Vigo, non estou para defender nin á cidade de A Coruña nin á cidade de Santiago de Compostela, por iso nos votaron os veciños/as desta cidade.

Cando o Sr. Figueroa dicía que pasa en Teis, que tivemos o 55% dos votos, do respaldo dos veciños/as. Tamén nos dicía que pasa co túnel de Xulián Estévez, como vostede sabe é un túnel cofinanciado, un proxecto compartido, Concello de Vigo, Zona Franca e Xunta de Galicia, e como vostede sabe a Xunta de Galicia e a Zona Franca están dirixidas e xestionadas polo Partido Popular, e no seu comité, no seu Pleno, a Zona Franca descartou facer este investimento do túnel de Xulián

Estévez, que o ámbito a desenvolver, é o ámbito que garante financeiramente e economicamente este desenvolvemento, de aí era de onde saía o orzamento do Concello, eu entendo que non é ignorancia, que vostede está a facer demagogia política, na que eu non entro.

Falamos de historia, falábamnos de gobernos do Partido Socialista, a historia con maiúsculas desta cidade leva o nome de PSOE, tódalas infraestruturas que se fixeron nesta cidade foron cando o Goberno do Partido Socialista Obrero Español gobernou España, Aeroporto, Porto, Autoestrada, falaba vostede da Sra. Álvarez, claro, foi a ministra que entrou nesta cidade, que fixo que o tren entrara mediante un túnel, se lembra vostede, Sr. Figueroa, que debatemos vostede e máis eu neste Pleno e vostede non entendía como podía haber un túnel e nos dicía que se iamos poñer en Redondela un ascensor para entrar no túnel, se lembra? Pois o túnel está aí e a trincheira que dividía e tronzaba aínda máis a cidade de Vigo e ao barrio de Teis, hoxe non é verdade porque gobernou a Sra. Álvarez e a historia desta cidade escríbese con maiúsculas, con letras do Partido Socialista Obreiro Español, máis que lles pese, o Sr. Blanco gran ministro, e de verdade, eu non podo entender que se digan mentiras, tras mentiras, tras mentiras, como di que foi o Sr. Blanco o que dixo que non? Iso é unha falsidade.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 30.06.2016 (Rex. Nº 1396/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5.3(106).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO Mº DE FOMENTO E ADIF COMO ÓRGANO PROMOTOR DO PROXECTO DA

ESTACIÓN DO AVE A SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A TRAMITACIÓN DO DEVANDITO PROXECTO CO MECANISMO PREVISTO NA LEI 3/2016. REXISTRO PLENO 13971101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 30 de xuño de 2016, número 1397/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O BOE do 14 de Xuño de 2016 recolle a resolución da Entidade Pública Empresarial Adif-Alta Velocidade pola que se anuncia a licitación do contrato "desenvolvemento, construción e explotación dun Centro Vialia na Estación Ferroviaria de Vigo Urzaiz". Dita licitación prodúcese tras quedar deserto o anterior concurso para o desenvolvemento, construción e explotación do proxecto de Thom Mayne para a estación de Vigo.

Como é sabido, o Plan Xeral de aplicación actualmente vixente no concello deVigo, tras a Sentenza do Tribunal Supremo do 10 de novembro de 2015 pola que se anula o PXOM de 2008, é o PXOU de 1993.

Como o ministerio e a Xunta coñecen, o proxecto do Complexo "Vialia" non se axusta á proposta de ordenación contida no PXOU do 93, como tampouco o facía no PXOM de 2008.

En particular, a proposta de ADIF para a estación Vigo-Urzaiz (Proxecto Morphosis España SLP) tiña problemas de encaixe co PXOM 2008 nas alturas máximas permitidas, o computo da edificabilidade lucrativa, as prazas de aparcadoiro mínimas ou o solapamento coa estación de autobuses lindeiro (prevista no PXOM de 2008).

Na reunión celebrada no Ministerio en Fomento entre representantes de Fomento, da Xunta e do Concello de Vigo acordouse tramitar o encaixe legal da nova estación de Vigo como un proxecto urxente e de excepcional interese público aplicando a Lei 3/2016. Con todo, a pesar do tempo transcorrido o Ministerio de Fomento non deu aínda ningún paso para solicitar a utilización deste mecanismo.

A aplicación, para este caso, da Lei 3/2016 permitiría encaixar o proxecto de forma rápida e segura. Por outra banda, tanto o Concello de Vigo como a propia Xunta de Galicia manifestaron en reiteradas ocasións que a estación de Thom Mayne é un proxecto urxente e de excepcional interese público, desenvolvido por un organismo ou entidade de dereito público para dar cobertura a toda a área metropolitana de Vigo, características que fan indiscutible a conveniencia de aplicar a lei 3/2016.

O Alcalde de Vigo xa comprometeu que, os trámites municipais deste proceso, a

información pública realizárase con todas as garantías legais e os informes municipais correspondentes emitíranse en breve prazo.

É por isto que propoñemos o Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

1. Instar ao Ministerio de Fomento e ADIF, como órgano promotor do proxecto de desenvolvemento, construción e explotación do proxecto Thom Mayne para a estación Vigo Urzaiz, a solicitar á Xunta de Galicia, no prazo máximo de un mes, a tramitación do devandito proxecto co mecanismo previsto na Lei 3/2016 de medidas urxentes e de excepcional interese público, presentando a documentación necesaria para a súa tramitación.

2. Instar á Xunta de Galicia a axilizar a tramitación do proxecto Thom Mayne co mecanismo previsto na Lei 3/2016 de medidas urxentes e de excepcional interese público, coa finalidade de que poida estar aprobado antes da finalización do prazo de presentación de ofertas ao proceso de licitación da estación Vigo Urzaiz.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: O 14 de xuño do ano 2016 o Boletín Oficial do Estado publicou un anuncio de Adif, Ministerio de Fomento, no que anuncia a licitación do contrato, desenvolvemento, construción e explotación do centro Vialia na estación ferroviaria de Vigo-Urzaiz, nese momento o Alcalde de Vigo, o Sr. Abel Caballero, xa manifestou a súa satisfacción porque se retomara este proxecto, polo tanto, é unha boa nova que se anuncie de novo ese proceso de licitación, agora ben, hai algunhas cuestións que compre salientar e resolver para continuar e eliminar as incertezas que se poidan xerar nese concurso.

En primeiro lugar, debemos lembrar que este proceso de licitación non é novo, senón que é un proceso de licitación comezado de novo froito dun proceso de licitación anterior que quedou deserto, cando ese proceso aconteceu, o Ministerio de Fomento manifestou que un dos motivos ou o motivo polo cal ese concurso quedaba deserto, eran as incertezas xeradas, nós entendemos que esas incertezas eran fundamentalmente da viabilidade económico financeira dese proxecto pero o Ministerio de Fomento e o Partido Popular de Vigo manifestaron en reiteradas ocasións que esas incertezas viñan derivadas da anualidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal do ano 2008, como ben saben hai seis meses, no mes de

xaneiro, o Ministerio de Fomento nos reunimos as tres administracións, no Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, nesa reunión como digo hai seis meses, o Ministerio de Fomento manifestou que para solventar tódolos problemas derivados da non adaptación do proxecto Tom Mayne á realidade urbanística da cidade de Vigo, por certo, tampouco se adaptaba ao Plan do 2008 nin dende logo ao Plan do 1993, o Ministerio de Fomento utilizaría a vía que estaba a desenvolver a Xunta de Galicia que se materializou na Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese público. Ninguén dúbida que se esa lei se pode aplicar e dende logo para un caso como o da estación de ferrocarril de Tom Mayne. É un proxecto de claro interese público, promovido por unha administración pública, é un proxecto de incidencia supramunicipal, porque no só vai dar servizo aos cidadáns de Vigo, senón ao menos de toda a área metropolitana ou de toda Galicia ou da eurorexión Galicia Norte de Portugal, ademais é un proxecto urxente como dicíamos e de excepcional interese. Polo tanto, todos, as tres administracións, o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo compartíamos que a vía de tramitación deste proxecto tiña que ser necesariamente a Lei 3/2016. Pois ben, pasaron seis meses, non só pasaron seis meses dende esa reunión senón que pasaron catro meses dende a aprobación desa lei e o Ministerio de Fomento a día de hoxe non deu ningún paso, pero non é só que non dera ningún paso, senón que contribúe a xerar máis incertezas porque como ben saben nese proceso de contratación, BOE do día 14 de xuño do ano 2016, cando fala dos proxectos que se poden executar na estación, tanto a proposta A como a proposta B di, “definida por el proyecto básico que agota la edificabilidad lucrativa permitida en el Plan Xeral de Ordenación Urbano de un máximo estimado de 42.000 metros cuadrados”, e nós dicimos, onde está iso? Porque claramente no actual plan vixente do ano 1993, por certo que estaba vixente o 14 xullo do 2016, non existía un aproveitamento lucrativo de 42.000 metros cadrados, senón que o Plan do 93 prevé un metro cadrado por un metro cadrado, é dicir, 19.000 metros cadrados. Polo tanto, para resolver tódalas incertezas deste concurso cuxo proceso licitador remata o 18 outubro do ano 2016, só hai unha vía, a única vía é tramitar este proxecto con cargo á Lei 3/2016, informar a tódolos licitantes de que este proxecto está resolto, e a forma de facelo e resolvelo é que antes de ese proceso de licitación que remate a presentación de

ofertas, xa estea totalmente aprobado ese proxecto, e polo tanto con cargo á Lei 3/2016, o Ministerio de Fomento de forma urxente, nós dicimos no prazo máximo dun mes, presente á Xunta de Galicia a materialización dese proxecto, para que poida estar rematado ese proxecto como acontece no caso de Citroën, antes de que remate o período de adxudicación, para que non exista ningunha dúbida que faga sospeitar a ninguén, que isto é un mero anuncio publicitario, e non a vontade do Ministerio de Fomento de executar unha infraestrutura vital para Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: Este é un dos moitos “culebróns” que imos ter de aquí seguramente ás eleccións autonómicas, e polo tanto, como “culebrón” ten capítulos bastante interesantes que cremos que non se van resolver mentres non haxa colaboración entre as administracións, algúns deles case de traxicomedia norteamericana.

En primeiro lugar, é certo, a única certeza que ten este grupo municipal é que no ano 1993 só había unha liña de AVE no Estado Español, Madrid-Sevilla, ningún concello deste mundo civilizado que lle chaman a España, pensaba que ía ter estación de AVE nas cidades grandes deste país, que ía haber tramos de alta velocidade conformados no resto do Estado porque xa no ano 1992 despois da exposición universal había xa dúbidas sobre os proxectos do AVE. Polo tanto, o primeiro problema que teremos é que temos un Plan Xeral do ano 1993 que non contempla a existencia dunha estación destas características, polo tanto, resolver o planeamento urbanístico desta cidade axilizaría determinadas cuestións como serían as do encaixe dunha estación destas características que enriba leva o anteprojecto como é unha estación intermodal que deriva gran parte do tráfico colectivo de pasaxeiros ao centro da cidade, que polo tanto require que o planeamento teña e nós aí se que dicimos que se vai volver abrir un novo capítulo deste “culebrón”, que é propoñer un Plan Xeral que salte de novo a avaliación ambiental estratéxica pensando que non ten ningún tipo de consideración, que no planeamento incluamos unha estación intermodal, unha estación ferroviaria destas características. Polo tanto, a responsabilidade será tamén deste concello de axilizar os tempos e o traballo do Plan Xeral para que haxa un encaixe real, porque cando non facemos iso o que facemos son remendos como esta Lei, foi a Alternativa de Esquerda Galega e Marea de Vigo os que sistematicamente dixemos

que esta Lei, que lle chaman Lei de Vigo eu escoitei dicir ao Alcalde Lei de Vigo como se fora unha Lei que non se vai aplicar nos 315 concellos deste país, que esta lei é unha fuxida cara adiante de non asumir o Partido Popular e o Partido Socialista determinadas responsabilidades que hai sobre o sucedido no urbanismo desta cidade, porque estaremos trampeando de novo, intentando colar a través de leis de punto único, leis de proxectos especiais e incluso a nós que fomos sistematicamente críticos coas declaracións de supramunicipalidade porque xa algunhas actuacións deste carácter en Galicia foron tamén anuladas por vía xudicial, preferíamos a declaración de supramunicipalidade coa lei existente, antes desta lei “chanchullo”, que para nós non ten ningún tipo de cobertura xurídica por exemplo, nunha cuestión que poderá parecerlle ao Partido Popular e ao Partido Socialista secundaria, como son as expropiacións, con esta lei non se pode recalificar nin un metro cadrado de so e non se poden expropiar, afortunadamente aquí non hai expropiacións ou parece que no proxecto, no encaixe non hai expropiacións, se houbera expropiacións estaríamos outra vez nun “culebrón” destes como os de Santa Bárbara de mil capítulos que seguramente a miña filla cando teña idade de entender que isto, seguiremos a falar de determinados encaixes, porque da estación intermodal levamos xa algúns anos falando, da estación, do encaixe de determinados proxectos que moitas veces son proxectos que hai que repensar e de feito o proxecto de Tom Mayne para estación de ADIF e para o proxecto de Vialia xa se fixo algunha reconsideración porque tamén hai outra parte que isto non é a cultura xa de facer 50.000 proxectos ligados á operadora ferroviaria e neste caso a que explota as estacións como é Vialia, xa non é, agora as empresas queren tamén ter unha garantía económica e financeira nun proxecto de máis 100 millóns de euros, e polo tanto, tamén haberá problemas en encaixe xurídico, de feito xa nos chega que Fomento o que esta intentando é garantir o retorno económico se non hai unha certeza xurídica, polo menos parece ser que Fomento o que di é que eles faríanse responsables se no prazo de dous, tres anos do proceso de construción non houbera unha garantía xurídica pola situación do Planeamento Urbanístico dunha cidade. Polo tanto, aí non debería haber problema, como se soluciona isto? Pois ese entendo que terá que solucionarse se hai xuntanzas bilaterais entre administracións, ao mellor sería bo que este grupo municipal coñeza cales son as sínteses destas xuntanzas, non mais

alá do anuncio publicitario que se nos pon no xornal, polo tanto sería bo ao mellor abrir unha comisión especial municipal para facer un seguimento de todas esas conversas, do que pon o Ministerio de Fomento enriba da mesa, do que pon este Concello enriba da mesa, de cales con as alternativas se é certo que con esta lei, que como parece ser, o Partido Popular tampouco se atreve con esta Lei a lanzar o proxecto da nova estación do AVE.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: O proxecto de Tom Mayne vai como unha moto, non me miren así, non son declaracións miñas, son declaracións do 14 de abril de 2009 do Sr. Alcalde de Vigo, si Sr. Alcalde ten vostede que recoñecer e lembrar porque é bo facer memoria e tanto que lles gusta ao medios de comunicación é bo de vez en cando repasar o que un mesmo dixo, e vostede mesmo dixo no ano 2009, o 14 de abril do 2009, que proxecto de Tom Mayne ía como unha moto, pero non só dixo iso, e leo textualmente unha noticia nun xornal local que recollía esas declaracións, dixo que a estación alternativa de Guixar xa se ía adxudicar en maio desa ano, que o proxecto de Tom Mayne vai como unha moto e que as tuneladoras marchan estupendamente. Con todo isto o rexedor mantivo o que chama “compromiso concreto e persoal”, Sr. Alcalde, os prazos se manteñen absolutamente para o 2012, o tren de Alta Velocidade chegará media hora antes a Vigo que A Coruña, é dicir, que o AVE estará en 2012 menos media hora, e é algo que manteño en pe. Eu non sei como pode escoitar esta hemeroteca e estas declaracións súas do ano 2009 Sr. Alcalde e non poñerse colorado porque dende logo é para poñerse colorado, xa non falo de que no ano 1988, no século pasado, vostede como Ministro de Transportes xa comprometeu o AVE para Galicia no ano 1992 e aínda estamos a esperar, pero aínda no ano 2009 lles quedaba o 2010, 2011 ata o 2012 que menos mal que comezou a gobernar o Partido Popular e esas palabras baleiras fóronse convertendo en realidade, e esa é a gran verdade.

Porque fala a Sra. Caride, de expertos en anuncios publicitarios, se son vostedes os expertos en anuncios publicitarios, se son vostedes os expertos en presentar maquetas, hai que lembrar que a maqueta de Tom Mayne custoulle a tódolos españois nada máis e nada menos que 4 millóns de euros, fixeron un proxecto que sabían que era inviable técnica e economicamente, por certo, vostede tamén se esqueceu que houbo un proxecto anterior no que xa quedou deserto ese proxecto

de Tom Mayne porque era inviable técnica e economicamente e houbo que reformulalo e licitalo no verán pasado o que pasa é que en pleno proceso de licitación caeuse o Plan Xeral de Vigo, vostede debe saber moi ben o que pasou para que se caíra o Plan Xeral de Vigo. Vostede Sra. Caride e o seu compañeiro o Alcalde de Vigo, compañeiro de goberno nesta Corporación que agora queren tirar balóns fora.

Hai outra cuestión que tampouco vostede aludiu na súa intervención, sorprendentemente, que tampouco están feitos nin vostedes queren facer os accesos á ese centro Tom Mayne e a estación intermodal, non os queren facer, e o que fan é xerar inseguridade xurídica en tódolos inversores e por iso quedou deserto esa segunda licitación do proxecto Tom Mayne.

Por certo, que ben conta vostede os meses cando ateen a outra administración, pero que mal os conta cando lle tocan a vostede, hai oito meses que se anulou o Plan Xeral de Vigo e non foi capaz de quitar nin o primeiro papel para a redacción do novo Plan Xeral, ten vostede os investimentos parados, absolutamente parados, con grandes funcionarios que traballan no Consello de Urbanismo e vostede ten os investimentos parados porque non hai nin unha soa planificación, nin unha soa data. Con esta moción o que queren é distraer, porque Sra. Caride, vostede é que non se leu ben a lei que di que para que se poida presentar ese proxecto ten que ter o grado de detalle suficiente para permitir coñecer o carácter, extensión, ubicación e fines da obra, e cando se licita tamén o proxecto básico parece mentira que vostede non saiba que están pendentes de pechar detalles desa obra e polo tanto, non é aplicable neste momento, por iso nós presentamos unha emenda de modificación e pedimos que se licite nun mes dende a adxudicación que se pida á Xunta de Galicia.

Mire, se queren a estación de Tom Mayne, póñanse a traballar, iso é o que lle recomenda este grupo municipal, primeiro, comprométanse aos accesos da estación intermodal e da futura estación Tom Mayne e segundo saquen adiante o Plan Xeral, iso é o que porán facer por esta cidade se realmente queren que os proxectos saían adiante, e déixenos de facernos perder o tempo aos vigueses e deixe de perder o tempo vostede que ten que estar concentrada no novo Plan Xeral, facendo mocións que saben que non se poden cumprir, esperamos que admitan a emenda que presentamos que di que a partir da adxudicación por

suposto que nun mes o Ministerio solicite á Xunta de Galicia o inicio do procedemento da lei, pero a día de hoxe vostedes saben perfectamente que esa solicitude non se pode facer porque hai que concretar definitivamente o proxecto, gracias ao Partido Popular esta estación farase porque gracias a que tódolos vigueses e a maioría dos españois apoiaron un goberno do Partido Popular, por iso este proxecto será realidade nesta cidade.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Vaiamos por partes, señor de Marea de Vigo, eu voulle facer unha recomendación, menos ver telenovelas e “culebróns” e máis ler o Boletín Oficial do Estado e o Diario Oficial de Galicia porque así entenderemos cal é o alcance do contido das leis que se aproban, e cal é a súa situación de legalidade. Tamén é verdade que vostede e o seu grupo xa se posicionou en reiteradas ocasións en contra do proxecto de ampliación de Citroën, e lle lembramos que para este goberno municipal ese proxecto é prioritario, e polo tanto claro que esa lei era necesaria para resolver un problema de emprego fundamental e de futuro e viabilidade do proxecto de Citroën en Vigo, e creo que a partires de aí non temos case nada máis que falar, agora estamos a buscar unha vía de solución para un proxecto estratéxico para Vigo que é o proxecto da estación de Tom Mayne.

Sra. Muñoz, creo que as súas propias verbas se contradí a si mesma, agora non se pode aprobar con cargo a lei 3/2016, o Proxecto da Estación de Tom Mayne porque non saben que proxecto van a desenvolver, o mundo ao revés, que o Ministerio de Fomento non saiba cales son os parámetros estruturais básicos dese proxecto, é increíble, pero Sra. Muñoz iso vano saber logo dun mes da adxudicación? Porque lle lembro que lle dan 24 meses a unha empresa para facelo, pero logo dun mes da adxudicación segundo vostede tódolos problemas están resoltos, vostede mesma fixo unhas declaracións públicas nesta cidade dicindo que o anterior proxecto de licitación, concurso de licitación, quedara deserto porque había incerteza, polo tanto, se existía incerteza non mes de marzo, máis incerteza hai hoxe onde no Boletín Oficial do Estado aparece un aproveitamento urbanístico que non se corresponde con ningún documento legal, formal, aprobado que teña a día de hoxe o Concello de Vigo. Polo tanto, a única vía de converter esa incapacidade que ten o Ministerio de Fomento nunha certeza e nun proxecto materializable é aplicar a lei 3/2016 xa, non esperar, non poñan vostedes escusa. Por certo que está a espera a

Xunta de Galicia, a facerlle chantaxe ao Concello de Vigo para que pague os accesos e as expropiacións porque son dous proxectos distintos Sra. Muñoz, un proxecto é a estación de Tom Mayne e outro proxecto é a estación intermodal, non fagan chantaxe, non veña vostede aquí a defender os intereses da Xunta de Galicia, para que entre tódolos vigueses paguemos o que lle corresponde pagar á Xunta de Galicia.

Sabe vostede o que pasou coa estación de Tom Mayne? Que chegou o Partido Popular e mandou parar, claro que si Sra. Muñoz, por iso ese proxecto non está a día de hoxe materializado, polo tanto deixen de enredar e apoien a Vigo, por primeira vez en lugar de apoiar os intereses do seu partido político, apoien a Vigo.

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e nove abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 30.06.2016 (Rex. Nº 1397/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estevez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URGENTES.

Non houbo.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS

DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(107).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 26 de maio e 23 de xuño de 2016.

1.2(108).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 26 de maio e 23 de xuño de 2016.

1.3(109).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 3.06.2016, DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA AUTORIZACIÓN OUTORGADA POLO PLENO MUNICIPAL DE 27.12.2010 DA CESIÓN DO MUSEO DO MAR DE GALICIA Á CONSELLERÍA DE CULTURA DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 19838/240 (REXISTRO PLENO 1392/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 3.06.2016,

“Dáse conta do informe-proposta do 24/05/16, do xefe do servizo de Patrimonio, conformado pola xefa de área de Xestión Patrimonial e Territorial e polo

concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- O Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZV) mediante escrito de data 19 de abril do 2016, achegou solicitude asinada pola Xunta de Galicia(consellería de Facenda) e dito organismo público, interesando a modificación da autorización que foille concedida polo Concello, no seu acordo plenario de data 27/12/2010 de cesión á Comunidade Autónoma de Galicia, para o seu destino ao Museo do Mar de Galicia, dos terreos e as construcións cedidas polo Concello de Vigo en escritura pública de data 18 de xaneiro do 2000, permitindo tanto a cesión á Comunidade Autónoma de Galicia como a posterior cesión, concesión ou adscrición a favor da Fundación Museo do Mar de Galicia.

SEGUNDO.- O Xefe do servizo de Xestión e Promoción cultural, conformado polo Concelleiro Delegado da Area de Cultura, informou o pasado día 12 de maio que non observa ningún inconveniente en que por parte do Concello de Vigo se acceda ao solicitado.

TERCEIRO.- O Pleno Municipal en sesión do 27/12/2010 concedeu autorización ao Consorcio da Zona Franca de Vigo para a cesión á Comunidade Autónoma de Galicia, do terreo e construcións existentes que lle foron cedidos en escritura pública do 18 de xaneiro do 2000, nas mesmas condicións e termos sinalados no Convenio do 7 de abril do 1999, e para o seu destino ó Museo do Mar de Galicia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- Por acordo do Pleno Municipal do 21 de xuño do 1999, ratificouse o convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, de data 07.04.1999 para o Museo Galego do Mar, acordándose ceder a propiedade dos terreos e construcións municipais sitas en Alcabre, antigo matadoiro municipal, de 9.958 m²., no estado no que se atopaban, ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, coa obriga por parte desta de rematar a construción do Museo Galego do Mar.

O convenio asinado tiña por obxecto a posta en funcionamento do Museo Galego do Mar, na parcela municipal. Con dita finalidade, as entidades intervenientes convíñan a cesión gratuíta deses terreos polo Concello de Vigo a prol do CZV, a construción e posta en funcionamento do Museo polo CZV, que contaría co asesoramento técnico e colaboración da Consellería de Cultura, e finalmente a constitución dun padroado onde estarían representadas ditas institucións asinantes cos obxectivos e funcións sinaladas no convenio.

A cesión gratuíta foi acordada consonte aos termos e condicións que resultan do estipulado no convenio, e o disposto ao efecto no Regulamento de Bens das Entidades Locais, procedéndose a súa formalización en escritura pública do 18 de xaneiro do 2000, baixo o nº 125 do protocolo da notaría de D. José Antonio Rodríguez González.

SEGUNDO.- O Consorcio da Zona Franca, de acordo co convenido, procedeu a constitución no ano 2002 dunha fundación de interese galego denominada Fundación Consorcio Zona Franca de Vigo. Segundo resulta dos seus estatutos fundacionais (trala modificación acadada en data 28.02.2004), pasouse a denominar “Fundación Museo do Mar de Galicia”, cuxo patrimonio verase afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral sinalados no art. 6 dos presentes estatutos (segundo sinala o art. 1 dos estatutos), dispoñendo no art. 6 que A Fundación terá por obxecto primordial a xestión e dirección do “Museo do Mar de Galicia”. A Fundación constituíse ao tempo como fundación do sector público estatal e como fundación de interese galego (art. 3).

TERCEIRO.- Autorizado polo pleno en data 27.12.2010 ao Consorcio da Zona Franca de Vigo a posibilidade de cesión deses terreos e construcións que conforman o actual Museo do Mar de Galicia, a prol da Comunidade Autónoma de Galicia para o seu destino pola Consellería de Cultura e Deportes ao Museo do Mar de Galicia, plantexase agora a modificación desa autorización habilitando a transmisión de ditos bens por parte da Xunta de Galicia a favor da Fundación “Museo do Mar de Galicia” motivada, segundo se sinala na solicitude presentada, en que o único obxecto da aceptación da cesión pola administración autonómica é como vía para a posterior cesión, concesión ou adscrición dos bens e dereitos a favor da dita Fundación, entidade á que lle corresponde a xestión e dirección do Museo.

En relación ao solicitado, a Concellería de Cultura informou favorablemente a modificación da autorización concedida no seu día polo Pleno Municipal ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, nos termos plantexados, non observando inconveniente ningún.

No presente caso, a “Fundación Museo do Mar de Galicia” que resultaría beneficiaria da posible cesión dos bens e dereitos que conforman o Museo do Mar de Galicia, é unha fundación do sector público estatal, que de acordo coa normativa reguladora do réxime xurídico patrimonial da administración xeral do estado e dos organismos públicos vinculados ou dependentes dela, pode ser cesionario de bens e dereitos patrimoniais (art. 145.4 da LPAP). Fundación que como sinalouse, foi constituída polo CZFV a teor do previsto no convenio asinado e na que as administracións intervintes son membros natos da mesma, tendo por obxecto primordial a xestión e dirección do Museo do Mar.

A teor do exposto, e toda vez que ditos bens e dereitos manterán a súa afectación aos fins aos que veñen sendo adicados, e en tanto se manteña esta, non apréciase inconveniente en acceder á modificación da autorización ó efecto de habilitar a posterior, cesión, concesión ou adscrición pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a favor de dita Fundación, nas mesmas condicións e termos fixados no convenio asinado e o disposto no art. 111 do Regulamento de bens das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local resolver sobre a solicitude

formulada polo CZFV e a Xunta de Galicia, debéndose dar traslado para seu coñecemento ó Pleno Municipal como órgano municipal que adoptou no seu día o acordo do 27 de decembro do 2010 cuxa modificación interésase.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar o acordo adoptado polo Pleno municipal ó 27/12/2010 aos únicos efectos de autorizar á Comunidade Autónoma de Galicia a cesión, concesión ou adscrición a favor da Fundación Museo de Mar de Galicia, dos terreos e construcións existentes que foron cedidos en escritura pública do 18 de xaneiro do 2000 ó Consorcio da Zona Franca de Vigo, nas mesmas condicións e termos sinalados no Convenio do 7 de abril do 1999, e para o seu destino ó Museo do Mar de Galicia.

Segundo.- Os acordos de cesións, concesións ou adscricións que, en virtude da presente autorización sexan adoptados polas entidades publicas outorgantes, deberán ser comunicados a esta administración municipal.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ó Pleno municipal para seu coñecemento.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non houbo.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non houbo.

4.- MOCIÓNS.

4.1(110).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO A CREACIÓN DUN CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE E DUNHA COMISIÓN QUE ELABORE UN REGULAMENTO QUE PERMITA E ORDENE DITA PARTICIPACIÓN. REXISTRO PLENO 1394/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 29 de xuño de 2016, número 1394/1101, a concelleira do grupo municipal Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Damos traslado ó Pleno dunha moción á proposta da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Área de Vigo - SOS Sanidade Pública.

A Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Área de Vigo - SOS Sanidade Pública propón aos grupos Municipais do Concello de Vigo a creación dun Consello Municipal de Saúde que permita a organizacións representativas da poboación e dos traballadores sanitarios participar e implicarse nas políticas e decisións municipais que teñan que ver cos principais determinantes da saúde.

Consideramos que a planificación das políticas e actividades municipais relacionadas coa saúde da poboación e do medio ambiente deberían basearse na identificación dos principais problemas e necesidades tanto do conxunto da cidadanía como dos grupos de risco como os nenos, as mulleres, persoas maiores, excluídos sociais, etc., para o que é preciso contar co seu concurso e opinión. Por outra banda a posta en práctica de programas e actuacións eficientes e eficaces precisa en moitas ocasións da colaboración e apoio activo dos grupos e colectivos sociais a quen van dirixidas.

Aínda que os Concellos non teñen competencias directas na prestación de servizos asistenciais si as teñen en medio ambiente, augas, calidade do aire, recollida e tratamento do lixo, vixilancia alimentaria, riscos viarios, transporte público, alimentación, vivenda, espazos para centros sanitarios e recursos asistenciais, educación e información de saúde á poboación, promoción do exercicio físico, recursos para actividades deportivas, actuacións sobre colectivos en risco social, etc.

Neste senso a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local establece:

artigo 25.2 as competencias nas seguintes materias relacionadas co medio ambiente e a sanidade.

f) protección do medio ambiente.

h) protección da salubridade pública.

participación na xestión da atención primaria en saúde.

l) subministro de auga, servizos de limpeza viaria, de recollida e tratamento de

residuos, sumidoiros e tratamento de augas residuais.

artigo 26.1 establece os servizos mínimos en función da poboación establecendo que os municipios de máis de 50.000 habitantes, ademais prestarán o Servizo de Protección do Medio Ambiente.

artigo 28 establece que os municipios poden realizar actividades complementarias das propias doutras administracións públicas e en particular as relativas á protección do medio ambiente.

A creación do Consello Municipal de Saúde no Concello de Vigo, estaría facilitado por unha poboación moi sensibilizada e implicada cos problemas sanitarios que afectan á cidade, como mostran as grandes mobilizacións en defensa da mellora da sanidade pública e contra a súa privatización.

Desde SOS Sanidade Pública consideramos que a cidadanía en xeral, debería ter a oportunidade de decidir sobre aqueles asuntos que lle afectan no día a día como é a saúde, o que precisa da existencia de instrumentos para poder presentar as súas propostas, as súas inxedanzas ou as súas denuncias. No Consello Municipal de Saúde poderían participar os distintos colectivos sociais coa alcaldía e grupos municipais. Un consello de participación social permitiría transmitir ao Concello de Vigo ademais das súas necesidades e problemas, as opinións e denuncias dos diferentes colectivos, e darlle a oportunidade de coñecer e pronunciarse sobre a asignación dos recursos relacionados coa saúde e coñecer como se gastan os cartos dos seus impostos.

Por todo isto, o Grupo Municipal da Marea de Vigo traslada esta proposta de

ACORDO

1 - Que o Concello de Vigo comece os trámites precisos para crear un Consello Municipal de Saude.

2 - A creación dunha Comisión que elabore un Regulamento que permita e ordene dita participación.”

DEBATE:

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Na Marea de Vigo, igual que a plataforma SOS Sanidade Pública consideramos que o Concello de Vigo debería contemplar a posibilidade da creación dun Consello Municipal de Saúde, xa que sabendo os ataques que en materia sanitaria está a padecer este Concello nos últimos tempos, debemos poñer en marcha tódalas ferramentas necesarias ao noso alcance para tratar de

paliar as consecuencias que tales políticas están a desencadear, para isto damos traslado ao Pleno dunha moción á proposta da Plataforma en defensa da Sanidade Pública da Área de Vigo, SOS Sanidade Pública, que propón aos grupos municipais do Concello de Vigo a creación dun Consello Municipal de Saúde que permita a organizacións representativas da poboación e dos traballadores/as sanitarias participar, implicarse nas políticas e decisións municipais que teñen que ver cos principais determinantes da Saúde.

Consideramos que a Planificación das políticas e actividades municipais relacionadas coa saúde da poboación e do Medio Ambiente, deberían basearse na identificación dos principais problemas e necesidades tanto no conxunto da cidadanía como dos grupos de risco como os nenos, as mulleres, persoas maiores, excluídos sociais, etc. para o que é preciso contar co seu concurso e opinión.

Por outra banda, a posta en práctica de programas e actuacións eficientes e eficaces precisan en moitas ocasións da colaboración e apoio activo dos grupos e colectivos sociais a que van dirixidas.

Aínda que os Concellos non teñen competencias directas na prestación dos servizos asistenciais, si as teñen en medio ambiente, en auga, en calidade do aire, na recollida e tratamento de lixo, na vixilancia alimentaria, nos riscos viarios, transporte público, alimentación, vivenda, espazos para centros sanitarios e recursos asistenciais, educación e información da saúde e a poboación, promoción de exercicio físico, recursos para actividades deportivas, actuacións sobre colectivos en risco social, etc.

Neste senso a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece no seu artigo 25.2, as competencias nas seguintes materias relacionadas co medio ambiente e a sanidade, protección de medio ambiente, protección da salubridade pública, participación na xestión de atención primaria en saúde, subministro de auga, servizo de limpeza viaria, de recollida e tratamento de residuos, sumidoiros e tratamento de auga residuais e no artigo 26.1 establece os servizos mínimos en función da poboación establecendo que os municipios de máis de 50.000 habitantes ademais prestarán o servizo de protección do medio ambiente.

No artigo 28, establece que os municipios poidan realizar actividades complementarias das propias doutras administracións públicas e en particular as

relativas á protección do medio ambiente.

A creación do Consello Municipal de Saúde no Concello de Vigo estaría facilitado por unha poboación moi sensibilizada e implicada cos problemas sanitarios que afecta á cidade, como mostran as grandes mobilizacións en defensa da mellora da sanidade pública e en contra da súa privatización. Dende SOS Sanidade Pública, consideran que a cidadanía en xeral debería ter a oportunidade de decidir sobre aqueles asuntos que lles afectan no día a día como é a saúde, o que precisa da asistencia de instrumentos para poder presentar as súas propostas, as súas inquiredanzas ou as súas denuncias.

No Consello Municipal de Saúde poderían participar os distintos colectivos sociais coa Alcaldía e grupos municipais, un Consello de participación social permitiría transmitir ao Concello de Vigo, ademais das súas necesidades e problemas as opinións e denuncias do diferentes colectivos e darlle a oportunidade de coñecer e pronunciarse sobre a asignación dos recursos relacionados coa saúde e coñecer como se gastan os cartos dos seus impostos.

Por todo isto o grupo municipal da Marea de Vigo traslada este proposta de acordo, que o Concello de Vigo comece os trámites precisos para crear un Consello Municipal de Saúde e a creación dunha comisión que elabore un regulamento que permita a orde de dita participación.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Dende o grupo Popular pensamos que a creación deste Consello Municipal de Saúde pode ser unha ferramenta útil para coñecer máis de preto as inquiredanzas e necesidades da poboación, unha participación consensuada de asociacións e colectivos máis representativos pode achegar dinamismo ás áreas de saúde e medio ambiente do Concello, nas competencias que este ten asignadas, estamos de acordo que se cree un regulamento para ordenar a participación no Consello da Saúde e mostramos a nosa colaboración para que este Consello sexa plural, que represente tódalas inquiredanzas e que sexa útil para toma a de decisión neste senso. O Consello da Saúde entendemos que debe ser un instrumento que dote de transparencia na xestión e na visibilidade de colectivos menos favorecidos e todos aqueles que teñan algo que dicir ou que aportar dentro da cidade.

Polo tanto, nós prestámonos a traballar na elaboración deste Consello, se se

aproba finalmente e na posible comisión de elaboración do Regulamento, nós a esta proposta da Marea de Vigo imos votar a favor.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Totalmente de acordo na análise que fai Marea do déficit de participación dos cidadáns nos sectores públicos en xeral, e e concretamente no ámbito sanitario.

É evidente que a historia do desenvolvemento da sanidade pública no estado adoce de dous elementos fundamentais, a falla de representatividade da sociedade e por outra banda na xestión, planificación, control da mesma e por outra banda a ausencia de competencias das administracións locais no ámbito da planificación, a xestión e o control do sistema sanitario público, e algo que tódolos autores, analistas, recentemente e non tan recentemente avalan como un dos grandes problemas que ten o noso sistema sanitario, que lle conduce a unha falla do que se chama deslexitimación porque falla o control social nos diferentes elementos do proceder sanitario, planificación, xestión e avaliación. Pero fundamentalmente son as corporacións locais ás que se lles subtraeron fundamentalmente todas as competencias referidas ao que é a xestión do sistema sanitario, incluso a planificación, excepto naqueles ámbitos, non esquezamos que son de saúde pública exclusivamente, como o medio ambiente, estilos de vida e outros ámbitos pero que non no ámbito do que é a planificación, proceso e xestión dun sistema sanitario público dende un punto de vista asistencial.

Nós pensamos que hai que instrumentalizar canais que permitan por unha parte a participación social, para un mellor control social con iso evitaríamos elementos de perversión do sistema como os acontecidos en Vigo co novo hospital e outros ámbitos de actuación do goberno autónomo que non ten ningún tipo de forza de control da sociedade sobre o mesmo, nada máis que a través do Parlamento, pero por outra parte necesitamos que ademais as corporacións locais, sobre todo os concellos que están no ámbito máis racional, máis próximo que lexitiman, que teñen a maior capacidade e coñecemento do que sucede no ámbito da sanidade, dos servizos sociais, de medio ambiente, de estilo de vida, pois recupere as funcións que nunca debeu de perder, e este é o reto, o reto non é facer un tipo como a proposta de vostedes sobre o tema dun modelo digamos de consello, non, de que vale crear un consello asesor ou un consello sanitario se realmente despois

non se ten o recoñecemento polos que teñen que ter esa legalidade? De que vale de nós falemos, propoñamos, digamos, se despois non ten esa capacidade de influencia legal e lexítima nos ámbitos da decisión que teñen os gobernos autonómicos ou o goberno central, só iso nos leva a melancolía e ao fracaso do que vostedes propoñen.

Por iso nós aínda estando de acordo no sentido no que vostedes o pretenden, non estamos de acordo na operativa, porque iso o único que vai a conducir é ao fracaso, á inquietude e a esa melancolía no ámbito do que é as posibilidades deste órgano e este consello porque non vai ser de ningún modo recoñecido legalmente as súas funcións por quen ten hoxe en día as competencias absolutas e as competencias legais.

Polo tanto, nós propoñemos o que propuxemos nesta emenda de substitución, é o instar ao goberno da nación da modificación da legalidade vixente, é dicir, Lei de Sanidade, Lei das Corporacións Locais que permita, por unha banda a persistencia e a presenza realmente con capacidade legal dos colectivos sociais e por outra banda das corporacións locais, todo o cal vai ser un fracaso e realmente unha frustración que nós non queremos que se repita.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Nós esta proposta de substitución non a imos aceptar, imos a aceptala como engádeda se se lle quere engadir á nosa moción e a aceptamos se isto se fai como unha moción aparte, pois aprobaríámola pero como substitución á moción que nos estamos a presentar por suposto que non, xa que a nosa moción que presentamos está dentro das competencias que ten o Concello para incidir nas medidas que se poida nas principais determinantes da saúde como os que aquí se citaron, é que non ten que ver unha cousa con outra. Que pode ser unha melancolía, un fracaso, melancolía é fracaso, Sr. Rodríguez Escudero, é rexistrar mocións que non se poidan defender no Pleno, que van ao caixón do lixo como pasa neste Concello, iso é unha melancolía, un fracaso xa que os grupos do Concello poidan meter no Rexistro mocións e que non se lles faga caso ningún, nin se lles lea, moitas actividades das que se fan en política, tanto nos concellos como nos Parlamentos, son motivo de melancolía e fracaso, pero iso non quere dicir que a xente non poida ter un xeito de expresarse, de propoñer e de denunciar cousas que lle parecen de recibo, entón que non sexa vinculante o consello, non quere

dicir que non se poida falar dos aspectos que lle interesan.

Por outra banda, se se pode ter un consello deste tipo porque en Concellos como Alcalá de Henares no que o Sr. Caballero ten na FEMP, ten un consello e está a funcionar, en Santiago de Compostela acábase de crear un consello municipal de saúde, co cal a min paréceme que os argumentos que está a expoñer vostede para non votar a favor desta moción non me parecen dende logo máis que meras escusas.

Por outra banda agradecer ao Partido Popular, que non contabamos, que aprobe a nosa moción.

PRESIDENCIA: Sr. Rodríguez Escudero, acepta que a emenda sexa de engádeda e non de substitución?

Non.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, por ausencia do Alcalde-Presidente)

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 29.06.2016 (Rex. Nº 1394/1101), pola concelleira do grupo municipal Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.2(111).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A REDACCIÓN DUNHA NOVA ORDENANZA DE TERRAZAS, VELADORES E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO URBANO, CONSENSUADA COS COMERCIANTES E VECIÑOS. REXISTRO PLENO 1305/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de xaneiro de 2016, número 1305/1101, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A proliferación nos últimos anos das terrazas e mobiliario urbano relacionados cos establecementos hosteleiros en determinadas zonas da cidade fan necesario un replantexamento da normativa municipal que regula estas actuacións, que semella non estar dando resposta precisa as inquedanzas tanto dos empresarios coma dos veciños.

Por outra banda, a colisión entre o lexítimo interés dos hosteleiros por aproveitar estes espazos públicos ao aire libre e as queixas cidadáns por cuestións relacionadas co ruído, a limpeza e mesmo a estética e ocupación de vías públicas, non está a ter unha adecuada e precisa resposta por parte deste Concello.

Semella necesario que, dende o Concello, se vele pola armonía e a regulación das terrazas e, sobre todo, da instalación de mobiliario en aceras y zonas peatonais, así como a súa necesaria convivencia cos residentes nestas áreas da cidade.

Este grupo municipal entende que é obriga do Concello defender ao sector da hostelería, pola súa relevancia coma xenerador de riqueza, emprego e servizos para o turismo e o ocio. Pero tamén ser garante do lexítimo dereito ao descanso, a seguridade e a convivencia dos veciños e veciñas de todas as zonas do municipio.

Consideramos polo tanto necesario contribuir a conxungar a convivencia entre os residentes e os usuarios dos locais, dando resposta aos problemas de ruidos, limpeza ou mesmo seguridade que están a ser denunciados en lugares coma a Casco Vello, Areal, Montero Ríos, Plaza de Compostela ou o entorno da rúa Churruca.

Por esta razón, é urxente a elaboración dunha normativa regulatoria que reflecta a realidade actual e aporte respostas ás inquedanzas amosadas polos veciños.

E, dacordo ao anteriormente exposto, este concelleiro solicita o apoio desta corporación para a aprobación da seguinte:

ACORDO:

Redactar e aprobar de forma inminente e consensuado con comerciantes e veciños a redacción dunha nova ordenanza de terrazas, veladores e instalación de mobiliario urbano.”

DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: Imos falar dun asunto que para o Partido Popular de Vigo é moi importante porque afecta a moitas persoas e porque tamén afecta a un sector económico, xerador de emprego e de riqueza porque o Partido Popular ven apostando dende hai moitos anos e polo que o Partido Socialista non aposta, que é o turismo e a hostalaría. Nós cremos que Vigo é unha cidade industrial e de servizos pero tamén é unha cidade que ten desenvolver un motor económico moi importante que é o turismo e a hostalaría, e agora que estamos en pleno verán e que a maioría dos vigueses nos apetece, eu creo que a todos, estar sentados nunha terraza tomándonos un refrixerio, creo que esta moción é importante que veña agora aquí porque hai un sector que é o da hostalaría que leva pedindo moito tempo que haxa control, ordenación, seguridade xurídica, porque cando non hai control hai descontrol e cando non hai seguridade xurídica hai inseguridade xurídica, entón tampouco se pode apostar da maneira que eles queren, os hostaleiros, nun sector no que xa dixen que era moi importante. A regulación actual existe, existe unha ordenanza do ano 2008 cando estaba aquí o noso compañeiro o Sr. Xulio Calviño, ao cal lle mandamos un saúdo se nos está escoitando, ou vendo, vendo non porque non se retransmite o Pleno, gracias a ese Regulamento fenomenal que aprobou o Alcalde que non quere que a cidade saiba o que se debate aquí, pero lle mandamos un saúdo ao Sr. Xulio Calviño, eu supoño que os seus compañeiros do Partido Socialista, algún darallo no meu nome. Pois a regulación actual non da resposta ás novas necesidades que houbo de ocupación do espazo público, non ás necesidades que foron en paralelo a unha proliferación de terrazas, de mobiliario urbano que veu como consecuencia da lei do ano 2010, da lei antitabaco, iso produciu que a proliferación de terrazas e o uso desas

terrazas se incrementara moito, e é importante manter a convivencia entre intereses que poden parecer contradictorios pero creo que son ao final na mesma dirección, que son os intereses dos veciños que teñen dereito ao descanso veciñal e que no haxa ruídos e poder descansar tranquilamente, pero tamén co interese lexítimo e económico dos negocios de hostalaría da cidade, bares, cafeterías, hoteis con terraza, etc.

Trátase de impulsar unha nova ordenanza que teña un marco normativo máis amplo, con máis posibilidades de desenvolvemento para o sector da hostalaría que tamén sexa bo para o goce dos cidadáns e que permita dar resposta dunha forma máis flexible ao cambios que vaian acontecendo, por exemplo a actual ordenanza non permite e ademais prohibe, por exemplo o poñer un televisor na terraza cando estamos a ver os partido de Eurocopa que case tódalas terrazas teñen un televisor, pois está prohibido pola ordenanza actual, tampouco contempla por exemplo, a utilización de estufas móbiles que son a gas, eléctricas pero non están contemplada na ordenanza actual. Por iso, hai que redactar unha nova norma, señores do Partido Socialista, que teña en conta toda esta proliferación de elementos novos, que teña en conta tamén a estética, nós falamos dun plan de mellora estética das terrazas porque algunha son dun color outras son doutro, outras un toldo, unhas cadeiras con publicidade outras non, calquera que pasee pola cidade dáse conta da disparidade de criterios que hai, e que teña tamén en conta todo o relacionado coa accesibilidade, porque si que é importante que tamén se cumpra a norma que haxa ese metro vinte para pasar por onde hai unha terraza porque a veces faise case imposible, a Policía Local fai o que pode, pero non pode chegar a toda a cidade, por iso que é importante sentar ás tres partes, sentar ao sector, nós nos ofrecemos e xa o fixemos para facer unha ordenanza nova consensuada.

SR. PÉREZ CORREA: Nós imos apoiar esta moción, nós temos unha ordenanza, é certo, pero unha ordenanza que hai que en todo caso modificar, nós pensamos que hai que avanzar nalgunhas cuestións de baleiro legal que están enriba da mesa, baleiro legal ou desinterese interesado en que non se cumpran determinadas cuestións da legalidade, nós imos poñer exemplos, nesta cidade están prohibidas, agás que sexa un concurso público, as terrazas permanentes, en teoría calquera

recinto hostaleiro terá que levantar a terraza ao acabar o horario que está previsto na ordenanza, aquí hai xente que xa ten montado o chiringuito permanentemente todo o ano, algúns deles con obra pública, nós vemos diariamente terrazas atornilladas en vía pública, utilizando como soporte farois ou mobiliario urbano público, algúns incluso facendo obras sobre edificios de patrimonio público, poñémoslle o nome porque é a enésima vez que traemos isto, recinto hostaleiro Lo Latino, edificio patrimonio público, Edificio Malder, e ten o seu toldo atornillado a un edificio dos edificios máis senlleiro importantes do patrimonio arquitectónico destas cidade, está aí a Policía Local que tome nota e que vaian.

É a enésima vez que dicimos que hai elementos visuais que son do propio edificio que están sendo tapados as 24 horas do día, os 365 días por ese recinto hostaleiro, Hotel Nagari, xa votou cableado cara a Praza de Compostela, iso non é unha terraza, iso é un uso permanente dun recinto público e terá que haber un concurso público como di, por exemplo a ordenanza doutras cidades que no momento que non é un terraza, é unha terraza permanente pois ten outro tipo de tarificación e ten outro tipo de concurso e de licitación, porque senón alguén se está a facer un “choio” tremendo co espacio público, e se o espacio público pola escusa da xeración de emprego, discutible tamén porque aí están os datos que sistematicamente denuncian as organizacións sindicais que con fin ou coa aparición desa Lei antitabaco que se permitiu aos recintos hostaleiros abrirse cara aos suletes, de maneira militar e agora temos terrazas co mesmo número de empregados no recinto hostaleiro, e polo tanto, hai maior explotación laboral a moitas persoas que atenden a máis mesas porque non hai nin sequera un control municipal, eu se bonifico unha terraza esixo que teña un retorno no emprego, nós xa o propuxemos no seu día nas ordenanzas fiscais, que haxa por exemplo un baremo de bonificación das terrazas na medida que ese recinto xere emprego, porque se ao final había unha muller ou un home atendendo un recinto hostaleiro e agora o que ten que facer esa muller e ese home a maiores, pois vinte ou quince terrazas pois non nos parece que teña retorno no emprego. Por certo, non é o sector que xera emprego nesta cidade de maneira normal senón estacional e iso teríamos que velo.

Polo tanto, se hai unha ordenanza que di que non existen as terrazas permanentes, pois a Policía Local a plantarse aí, non como usuarios que somos todos, senón

como Policías Locais e a levantar esas terrazas, ou entón cambiemos a ordenanza e digamos que se vostede quere empregar a vía pública durante as 24 horas do día e durante os 365 días do ano, pois vostede vai ter que pagar, xa non falemos das cuestións de legalidade, das dobre filas de cadeiras e de mesas en espazos inferiores a 5 metros que a ordenanza obviamente prohíbe, xa non falemos do metro vinte que hai que deixar de espacio e xa non falemos, eu que son unha persoa alta, case podería contar os miles de veces que hai que ir esquivando os toldos, cando di a ordenanza que ten que ser dous metros vinte, pois se son dous metros vinte, unha persoa de metro noventa e pico non ten porque darse contra cousas. Dende logo eu son unha persoa civilizada e non collo ao hostaleiro e o cruxo alí mesmo, pero terá que ter dous metros vinte, terá que ser a Policía Local a que diga, señor dous metros vinte de altura, polo menos hai determinadas persoas que por altura non debemos ir por algunha vías desta cidade porque a prioridade son os toldos. Eu creo que é vía pública e como vía pública, control público sobre a mesma, ou modificación da ordenanza, se nesta cidade se considera que a vía pública pode ser susceptible de ter un recinto, terraza as 24 horas do día, 365 días do ano, sen asumir a limpeza, que a ordenanza di que cando un recinto quite as mesas ten que limpar o chan, e polo tanto cambiemos a ordenanza ou polo tanto, estaremos a facer un ilegalidade.

SR. LÓPEZ FONT: Gran concelleiro o Sr. Xulio Calviño, se o respectasen vostedes neste Pleno cando se sentaba, outro galo cantaría, pero o que fan é non respectar á xente, lembro moi ben os ataques inclusive persoais.

Moito cambiou a nosa cidade en nove anos, e o Partido Popular segue sen decatarse, así o atesta o seu minguante resultado electoral, nove anos de sintonía progresiva cos cidadás, nove anos de entender os seus anhelos, necesidades e de saber plasmala, a enumeración que tivo de cambios esta cidade sería imposible facela en 5 minutos, pero a propósito desta moción do Partido Popular vou a tratar dous aspectos dos cambios tan importantes que sufriu esta cidade, primeiro, a política de humanizacións e segundo a taxa cero para as terrazas á que dado que fala deste tema podería vostede terse referido. Porque nestes dous aspectos se conxuga a revolución que sufriu esta cidade, as humanizacións cambiaron a vida dos cidadáns, nunca os cidadás gozaran tanto da rúa e da cidade. Isto unido á

implantación da taxa cero para as terrazas, taxa cero para as terrazas unha idea do Alcalde que lembro perfectamente nunha chamada telefónica dende Andalucía para que a implantásemos, unha idea a taxa cero que foi aceptada polo sector con entusiasmo, unha idea que cambiou a realidade de Vigo e a presenza dos cidadáns na rúa. Pero unha idea Sr. Fidalgo que salvou a un sector económico, ao que vostedes din defender e que nunca defenderon, a un sector económico que pasaba dificultades pola crise e pola lei antitabaco, unha necesidade sanitaria que obrigaba a convivir aos cidadáns cos negocios de hostalaría.

E a taxa cero permitiu ese cambio na cidade, só fai falla ver a cara de satisfacción dos vigueses nestas datas e durante todo o ano nas rúas e nas terrazas, ata os concelleiros do Partido Popular teñen boa cara cando gozan das terrazas.

Os empresarios do sector, dino eles, conseguiron deter unha caída económica que auguraban, se mantivo o emprego porque moita demagogoxía faise con emprego e o que é mellor incrementouse o emprego aínda que algúns falen de explotación, oín en directo a empresarios dicirlle ao Alcalde que como consecuencia da taxa cero contrataron a máis persoal para atender estas terrazas, é dicir o resumo é, consolidación e incremento do emprego precisamente a guía política deste goberno, eu comprendo que os concelleiros do Partido Popular ao non falar cos cidadás destas cuestións non se decatán. Pero fronte a este cadro pesimista, o mesmo de sempre do Partido Popular e negativo da moción a realidade é outra, e fíxese o que lle importa a vostede Sr. Fidalgo o turismo e a hostalaría que esta moción é de 13 de xaneiro, nesta moción pedía vostede que se fixera este cambio de ordenanza para a primavera, da idea do que lles importa a vostedes, miúdo interese que nin sequera cambiaron a estación do ano.

Fronte ao cadro pesimista que vostedes debuxan dende o goberno, estamos orgullosos de ter permitido aos cidadáns que gocen da cidade, estamos inmensamente orgullosos de ter permitido unha política de consolidación de emprego, de manter o emprego e de incrementalo e tamén é certo, e somos conscientes de que unha norma moi elaborada no 2008 é mellorable, por iso estamos fartos destas mocións nas que vostedes saben o que imos facer e chegan aquí intentando apuntarse o tanto, porque levamos facendo un traballo rigoroso sobre este tema dende hai xa máis de 6 meses.

Teñan os cidadáns a seguridade, o conxunto da sociedade de Vigo de que imos

mellorar esta regulación porque xa o tiñamos previsto, de que será porque xa o estamos a facer e xa o fixemos co consenso de empresarios e traballadores, dende a experiencia acumulada e cunha norma que se axuste á realidade pero esta norma permite un control, ordenación e do da seguridade xurídica non sei onde o viu porque hai toda a seguridade xurídica para os empresarios.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Entendo que o Partido Socialista vai apoiar a moción porque reconece que esta ordenanza está obsoleta, que crea inseguridade xurídica e que aínda que a ordenanza que se fixo no seu día estaba ben feita, a fixo o Sr. Xulio Calviño, que o primeiro que o teñen que respectar son vostedes, que o votaron con medias tintas das listas electorais, non o Partido Popular non sei quen lle dará o recado pero o que está claro Sr. Font, é que isto da ordenanza é unha competencia municipal, é súa a competencia, está claro que hai que tomar medidas xa, como di o Sr. Regades e tamén se apunta a Sra. Caride, medidas urxentes, vostedes lle piden paciencia tanto aos veciños como aos hostaleiros.

Di que a moción era de xaneiro, pois se estaba en xaneiro redactando a ordenanza estamos en xullo e seguen redactándoa, non sei onde estará a ordenanza.

O que si está claro é que hai que ordenar, que hai tamén, o que di Marea de Vigo, é certo hai estruturas que están ancoradas e fixadas a fachadas de inmobles tanto de edificios catalogados como edificios sen catalogar e aí debe intervir a Xerencia de Urbanismo porque ten as competencias e ten que sancionar se é que hai que sancionar, por que non se está a intervir neses casos? Cal é o modelo de terrazas e o modelo de cidade que queren para Vigo? Non o sabemos, agora teñen unha oportunidade de sentarse, eu lle pido por favor que se senten con veciños e con hostaleiros porque os dous intereses aínda que son contrapostos son necesarios nós nos sentamos xa con veciños e con hostaleiros, o que non fixeron vostedes o fixemos nós e hai toda a vontade de diálogo para arranxar un problema que é necesario.

Agora mesmo hai pouca regulación, eu creo que se está a facer un pouco a vista gorda nalgúns casos, está claro, por exemplo as televisións non están permitidas e rexe un pouco a lei da selva, como vemos os parques, xardíns e as medianeras da cidade que parecen unha selva, que teñen que pasar a segadora por aí, porque falan dunha cidade bonita pero non sei en que cidade viven, porque a cidade está

que da pena, os parques e xardíns que dan pena, a ordenanza de comercio e turismo que da pena, así que, póñanse a traballar que para iso lles elixiron.

PRESIDENCIA: Felicidades ao diálogo da ordenanza de terrazas por parte do goberno e ao seu diálogo constante e permanente tanto con comerciantes como con veciños.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, por ausencia do Alcalde-Presidente)

VOTACIÓN: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, mais dos membros do grupo municipal Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 13.01.2016 (Rex. Nº 1305/1101), polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.3(112).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO ALCALDE A ESIXIR Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A DOTAR NA SEDE DE VIGO DE TÓDOLOS SERVIZOS DA DEPUTACIÓN QUE

EXISTEN EN PONTEVEDRA. REXISTRO PLENO 1398/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 30 de xuño de 2016, número 1398/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteríz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Tradicionalmente, a sede da Deputación de Pontevedra en Vigo viña proporcionando servizos de distinta índole para atender tanto á cidadanía como aos diferentes axentes económicos sociais da cidade de Vigo.

Así, durante moitos anos, a sede da Rúa de Oporto atendía e prestaba servizos a colectivos sociais, deportivos e culturais de Vigo, cos que o seu persoal mantiña unha interlocución directa na procura de resolver as súas demandas.

Sen embargo, no último ano a Deputación provincial ten desmantelado a súa sede de Vigo, transferindo e recentralizando en Pontevedra os servizos que antes prestaba de modo directo na cidade.

Esta transferencia prexudicou non só ao persoal público que traballaba nesta sede, senón que eliminou a mencionada interlocución directa da cidadanía e dos colectivos co ente provincial, vaciándoo de contido e facendo da súa sede viguesa un menor rexistro no que presentar solicitudes e obrigando aos vigueses a trasladarse a Pontevedra para as xestións coa Deputación.

A esta decisión se engade o completo abandono do apoio aos intereses da cidade, que se restrinxe neste primeiro ano; o apoio a Balaídos -compromiso que xa se fixera polo anterior goberno provincial-; e o cerca dun millón de euros que van destinar á concesionaria do Auditorio Mar de Vigo.

Por todo o exposto, e á vista dos feitos coñecidos, propoñemos que o Pleno da Corporación adopte o seguinte:

ACORDO:

Instar ao alcalde de Vigo a defender os intereses da cidade e esixir á Deputación de Pontevedra a dotar na sede de Vigo de todos os servizos da Deputación que existen na cidade de Pontevedra co fin de que os vigueses teñan a asistencia que necesitan.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: En primeiro lugar quería volver a lamentar e sinceramente lamento que isto pase Pleno tras Pleno neste Concello que o Alcalde de Vigo sistematicamente se ausente no momento no que se debaten as mocións que presentan os grupos municipais da oposición, e logo lle molesta ao Sr. Alcalde que falemos do seu baixo talante democrático e como non imos falar dese baixo talante democrático se despreza o Pleno que é o sitio que representa a tódolos vigueses/as e despreza coa súa ausencia permanente dende logo tódalas iniciativas que presentan os grupos municipais da oposición, e agora na votación da anterior moción tivemos unha boa mostra diso cando incluso votan en contra de facer unha nova ordenanza que eles mesmos recoñecen que é necesario facer. En definitiva, o non a todo porque si, o desprezo a todo o que non soe á posición oficial, e este é o pan noso de cada día neste Concello lamentablemente dende hai un ano.

Tamén dende hai un ano, neste mes de xullo se cumpre un ano da toma de posesión do Goberno da Deputación de Pontevedra, un goberno no que hai 5 deputados provinciais do Partido Socialista, da cidade de Vigo, e que se comprometeron co seu presidente á cabeza, por certo, hoxe tamén ausente, non é que se lle bote moito de menos porque nunca intervén nos Plenos, pero polo menos fai acto de presenza, hoxe nin sequera iso, e que se comprometía a bombo e prato a defender os intereses de Vigo e a devolverlle a Vigo todo o que se lle quitara por parte dos gobernos anteriores do Partido Popular, e sobre todo todo o que o Alcalde viña reclamando nos últimos anos, non sei se se lembran, os concelleiros do Partido Socialista, eses famosos 50 millóns que en palabras textuais do Alcalde se lle roubaban a Vigo por parte da Deputación de Pontevedra e despois non se lles devolvía, cantos titulares, cantas fotos, cantas portadas do Alcalde ondeando a bandeira do viguismo, a Sra. Caride chamaríao anuncios publicitarios, como citou antes nunha moción anterior e esixindo o que necesitaban os vigueses da Deputación, pois ben, agora a Deputación de Pontevedra está nas súas mans e este ano foi un ano absolutamente perdido para Vigo, que decepción para os vigueses este balance.

É verdade que hai que pasar unha primeira fase de desconcerto eu creo, que foi de xullo a novembro que non sabía moi ben o que facer, como materializar, ata que

ao final alumearon ese famoso protocolo, infinito, do que xa falamos neste Pleno da Deputación, e que non concretaba ningunha cifra, nin fomos capaces aquí de que nos concretaran ningunha actuación, pero iso si foi vendido a bombo e a prato. Entón pasaron a fase do desconcerto e entraron na fase da improvisación, na cal pois aparecían vostedes cuns orzamentos nos que a cidade de Vigo non aparecía, só as obras de Balaídos que xa deixou o anterior goberno pechadas e ante as nosas preguntas o Sr. Mosquera o Vicepresidente da Deputación, nun alarde de sinceridade que recoñeceu que ían esperar a incorporar o Remanente para ver e concretar as actuacións de Vigo, é dicir, para Vigo os restos.

Por certo, foron absolutamente incapaces de executar no 2015 o que había para Balaídos e o tiveron que incorporar para o 2016 e ampliaron o que era o convenio para o fomento do deporte, débelles parecer unha boa actuación. E este 6 de maio, xa nun novo paso, chegan e comprometen nada e nada menos que 800.000 euros para facer obras no Auditorio para que os embolse a entidade privada concesionaria para despois alugarllo ao propio Concello de Vigo por 13 millóns de euros, extraordinaria actuación dende logo pero só para a concesionaria, para os vigueses non, porque ao mesmo tempo que gastan eses 800.000 euros teñen absolutamente abandonados aos colectivos da cidade, máis de 70 colectivos que recibían o apoio directo da Deputación nos diferentes programas, axudas a investimentos nos locais sociais, en camiños veciñais, axudas a asociacións culturais para a compra de instrumentos e vestiarios, a conservatorios e escolas de música que están absolutamente desaparecidos.

E por quitarlles ata lles quitaron a interlocución porque si, a sede de Vigo a teñen vostedes practicamente pechada, lles gustaría tela pechado, non sei se non se atreveron polo escándalo que suporía, pero iso si, reducírona á mínima expresión, unicamente un rexistro, unha sede que foi inaugurada hai agora no mes de xullo do ano 2008, que supoñía a proximidade da Deputación a tódolos vigueses/as onde o Presidente, o Vicepresidente e os Deputados recibían aos colectivos para atenderlles, para responder as súas propostas e para informarlles, darlles información e asesoramento, vostedes practicamente a pecharon, convertérona nun mero rexistro, e recentralizaron todo na cidade de Pontevedra, é un despropósito que agora os vigueses se teñan que trasladar a Pontevedra para facer xestións e para preguntar por cousas que antes se resolvían na cidade Vigo,

non sei se sería unha esixencia do Bloque Nacionalista Galego pero dende logo o que nos sorprende é o silencio absoluto do Alcalde de Vigo nesa suposta defensa dos intereses da cidade.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Resultábanos un chisco etérea a moción porque nos parecía que a exposición de motivos non clarexaba gran cousa pero si que é verdade que agora na intervención do grupo popular si que a moción queda un chisco máis clara.

Din vostedes que se recuperen os servizos que se prestaban na sede de Vigo da Deputación de Pontevedra, na exposición de motivos falaban moi por enriba das asociacións deportivas, culturais, tampouco sen concretar demasiado, pero agora a cousa xa está bastante máis clara.

A interlocución directa das/dos cidadáns coa administracións sempre é desexable e fallaría máis, pero da a sensación de que o que están vostedes a pedir é que Deputación recupere servizos que agora teñen que prestar os concellos, a debate, estes servizos estanse a prestar mellor ou peor nesta cidade, pero nesta iniciativa non parece ese o debate senón a recuperación de competencias por parte da administración provincial.

E vostedes xa saben cal é a nosa posición ao respecto, a Deputación debe ser baleirada de contido político, este debe ser transferido ás administracións correspondentes, ven sexa a Xunta de Galicia ou concellos. Rexeitamos por coherencia política calquera aproveitamento dunha institución que desexamos eliminar, mentres exista dende logo no a podemos ignorar e dende logo por esta mesma coherencia non apoiaremos a devolución de ningunha competencia a unha institución que como mínimo na súa forma de elección de representantes é totalmente antidemocrática.

Estamos a debater unha moción política e digo isto como pequeno matiz a unha intervención anterior, porque tódalas mocións teñen un contido político, é política pedir infraestruturas, falar de competencias das administracións, ven sexan provinciais ven sexan locais, e dende logo tamén é política votar en contra da participación cidadá.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz non faga demagogia con asistir ou non asistir a este

Pleno. Nalgún momento non se pode asistir e ao mellor a vostede lle pasa iso, e polo tanto, o grao de responsabilidade da Sra. Silva está suficientemente demostrado neste Pleno.

Ademais doulle as gracias infinitas pola súa moción Sra. Muñoz, que vostede haxa presentado esta moción vainos permitir dicirlle aos vigueses o que antes era a sede de Vigo da Deputación de Pontevedra e o que é agora. Na sede da Deputación de Vigo só se produciu un cambio, é verdade e agora llo conto, e produciuse un incremento moi importante de atención e servizos aos cidadás, sabe cal é o cambio? O cambio é que deixou de ser a sede do Partido Popular, ese é cambio, agora non é a sede do Partido Popular, era utilizada con fines partidistas ao marxe do institucional, e se manteñen tódolos servizos que se prestaban e se ampliaron os servizos, esa é a parte que descoñece e a verdade é que hai que dicirlle aínda que é unha frase que me gusta pouco e que non se decata Sra. Muñoz, e o peor de vostede é que en cada sitio di unha cousa, vostede no Pleno da Deputación están instigando aos Alcaldes do resto da provincia a dicir que todo ven para Vigo lles dixen, estanos a enganar, todo vai para Vigo e aquí din o contrario, lles contan que se Balaídos, que se a UNED, que se un convenio infinito e aquí din xusto o contrario, alí fan política anti Vigo e aquí o que fan é vitimismo. Encargareime de difundir a moción que aquí presentou por toda a provincia, como era o antes da sede da Deputación, a sede da Deputación se utilizaba para recibir ás asociacións amigas, non sei se eran oitenta ou cento vinte, pero hai un número inmenso de asociacións que non eran recibidas porque non eran do seu color político, utilizábase esa sede para entregar cheques e se facía política de partido dende eses tres despachos tan suntuosos pero á vez e hai que dicirlle tan charramangueiros.

Algúns con moita gracia definían a esta sede como unha sede en B do Partido Popular, como é hoxe a sede da Deputación, unha sede institucional, accesible a tódolos cidadáns e onde se respecta e recibe a todos por igual, onde Presidenta e deputados, entre eles o que lles fala, recibimos a centenas de asociacións, a todas, non só as que eran dunha determinada cor política, xestiónanse tódalas consultas e peticións de subvencións, hai unha oficina de ORAL que asesora permanente aos cidadáns, creouse no terceiro andar, un auténtico revolución co programa Espartemio que atende a empresas, que atende a emprendedores, un auténtico

asesoramento que aumentou considerablemente as consultas e cursos que fan, no mes de xullo seis cursos sobre novas tecnoloxías e tic, a ver Sra. Muñoz se colle certamente a información. Hai exposicións e se presta a sala de exposicións a tódalas asociacións porque a diferenza Sra. Muñoz, entre o antes e agora, antes era selectivamente para os da súa cor política e agora é literalmente para todos. En suma, que é hoxe a sede institucional e parece mentira que vostede como deputada o descoñeza, o que debe ser, unha sede institucional con maiúsculas, con dignidade, non ter que dicir que si ao Partido Popular para entrar alí e onde se practica a igualdade. En suma, o que era antes era unha sede do Partido Popular para facer política de partido e iso converteuse nunha sede respectuosa para tódolos colectivos. Tamén é verdade que agora é unha sede dirixida por funcionarios, antes era dirixida por cargos do Partido Popular que logo ían nas súas listas electorais, miúdo exemplo, e nos pide a Sra. Muñoz que volvamos, non Sra. Muñoz, a forma de facer política do clientelismo e do caciquismo, esa lles corresponde a vostedes, nós facemos unha política baseada no trato igualitario a tódolos cidadáns individualmente consideradas e a tódalas asociacións. Polo tanto, prégoles que se informe, ata se quere que vaia por alí e verá que a sede da Deputación hoxe é unha sede institucional, onde se respecta aos colectivos onde reina a igualdade e onde tamén como no conxunto da Deputación chegou o cambio que os pontevedreses querían.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr. Font, que con intervencións como a súa de hoxe sinceramente se retracta, hai que realmente ter moi pouco nivel para facer unha intervención dese tipo, pero xa lle digo que xa está ben, vostede é especialista en deixar cousas caer, en facer acusacións veladas, se vostede ten algo que dicir, se tivera algunha sospeita fundada iríase a onde ten que irse e é aos tribunais de xustiza, pero como non o ten, é máis Sr. Rodríguez Díaz, non me diga que agora entráronlle as gañas de falar, fale e cóntenos que fixeron co suposto enchufe que está investigando o Tribunal de Xustiza pola cuñada da Presidenta da Deputación, non lle entren gañas de falar agora cando está calado, cando ten que responder ante os vigueses o que está a facer con fondos públicos, faltaría máis Sr. Rodríguez Díaz, que pouco nivel, dende logo que pouca categoría poñerse a falar agora cando está tan calado co que se está facendo por parte do

seu goberno, Sr. Rodríguez Díaz.

PRESIDENCIA: Sr. Rodríguez Díaz e Sr. Fidalgo, está a falar a Sra. Muñoz, por favor, silencio e escóitena.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Font, non todo vale en política, e a súa intervención acaba de ser a mellor mostra de que vostedes non están a facer absolutamente nada por esta cidade dende a Deputación de Pontevedra, porque se tivera datos os houbera dado, pero como non os ten ten que recorrer ao insulto e á difamación, e niso se retracta vostede mesmo porque que pensarán tódolos funcionarios que traballaron nesa sede da Deputación de Pontevedra que foron trasladados a Pontevedra para traballar, que pensarán cando escoiten as súas declaracións, que pensarán tódalas asociacións culturais, veciñais, deportivas que se queixan a nós porque xa non teñen unha interlocución nesta cidade e se teñen que ir a Pontevedra cando escoiten as súas declaracións, porque o que dixo vostede aquí son mentiras, un intento de lavado de cara para xustificar o inxustificable, e é que vostedes o primeiro que fixeron cando chegaron ao goberno da Deputación foi afastar á Deputación da cidade, iso é o primeiro que fixeron e o segundo non facer absolutamente nada por esta cidade, xa non falo deses famosos 50 millóns xa quedan moi lonxe, pero polo menos digo eu que algo poderían facer para tódolos vigueses/as pero non, vostedes utilizan a Deputación para outras cousas cos seus compañeiros do Bloque Nacionalista Galego e mentres as asociacións non queren atendelas na sede de Vigo porque é que non teñen nada que contarlles, non poden dicirlles que subvencións vanse dar para axudalos a reformar os seus locais, non se atreven a dicirlles á cara que lles negan unha axuda para o seu local porque lles chove dentro e ao mesmo tempo están enterrando os caros no auditorio e dándolla a unha concesionaria para facer obras a unha concesionaria municipal, e todo isto, esta actuación lamentable da Deputación a iso asiste o Alcalde absolutamente calado, xa estamos acostumbrados, cando gobernaba o Sr. Touriño e o Sr. Zapatero as demandas históricas da cidade estaban simplemente esquecidas por parte do Sr. Alcalde, agora tamén lle pasa coa Deputación de Pontevedra que se esqueceron das reclamacións que facía e que agora non lle interesa absolutamente nada. Benvido Sr. Alcalde a este debate.

VOTACIÓN: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, tres abstencións dos membros do grupo municipal Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 30.06.2016 (Rex. Nº 1398/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteríz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non houbo.

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

5.1(113).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO A QUE SE LLE DEA PUBLICIDADE AOS TRABALLOS E ACTIVIDADES PARA QUE A VECIÑANZA POIDA FACER USO DELAS.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Pregámoslle ao Goberno desta cidade que se publiciten os traballos e actividades que se fan, dende o servizo de Normalización Lingüística, do mesmo xeito que se publicitan as actividades doutras áreas, para que así a veciñanza poida facer uso delas.

PRESIDENCIA: Se publicitan exactamente igual que o resto delas.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

5.1(114).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ, RELATIVO Á HABILITACIÓN DE PRAIAS PARA O USO CANINO.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Cando vai habilitarse algunha praia do Concello de Vigo para o libre uso canino, tal e como se comprometeu o Alcalde hai xa un ano.

PRESIDENCIA: Haberá noticias ao respecto.

6.1(115).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO AOS CONCERTOS EN CASTRELOS PARA O MES DE XULLO.

SR. GAGO BUGARÍN: Esta semana coñecemos o cartel das festas e os concertos que se van celebrar en verán e constatamos que en principio non se vai celebrar nin un só concerto no mellor auditorio de Europa, que é Castrelos, no mes de agosto, queríamos saber se no mes eminentemente estival, que é o de agosto, o Concello de Vigo ten pensado celebrar un concerto en Castrelos.

PRESIDENCIA: Imos facer as mellores festas que se fixeron na historia de Vigo.

6.2(116).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO ÁS REFORMAS DE CHURRUCA E SAMIL.

SR. GAGO BUGARÍN: A segunda pregunta é en relación ás demandas e as denuncias que nos transmitiron os veciños tanto no entorno de Samil, como usuarios, tamén no entorno da Churruca, se van vostedes facer as pertinentes

reformas e poñer tanto na zona de Churruca como no entorno de Samil, nas condicións que se merecen a primeira cidade de Galicia.

PRESIDENCIA: Toda zona de Churruca humanizouse porque vostedes non o fixeron e fixémoslo nós e está fantástico, en Samil as cousas marchan esplendidamente.

6.3(117).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, RELATIVO Á BIBLIOTECA ANUNCIADA NO PAU DE NAVIA.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Por petición expresa dos veciños, nosa tamén, queríamos saber que pasa coa biblioteca anunciada no Pau de Navia.

PRESIDENCIA: Esta pregunta ten que formulala no seguinte Pleno, na súa quenda eran dúas preguntas e formularon dúas preguntas, interpretación do Secretario.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.